



ACTA NÚM. 04 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2019.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son **as 16:35 horas** do día **21 de febreiro de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona M^a José Castro Carballal
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.
Don Pedro José Rey Sanchiz.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.

Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

D. Juan Ramón González Carnero, **interventor xeral do Concello.**
José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes:

Á sesión ordinaria do día 17 de xaneiro de 2019, número 1.
Á sesión extraordinaria do día 28 de xaneiro de 2019, número 2.
Á sesión extraordinaria urxente do día 28 de xaneiro de 2019, número 3.

2. Toma de posesión do cargo de concelleiro don Antón Barba Pereira (PSdG-PSOE).

3. Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial do SUNP-22 para a reordenación de volumes no quinteiro 16. Castro de Abaixo.

4. Aprobación inicial da modificación puntual da Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do servizo da ORA e do aparcamento de residentes.

5. Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración de aprobación de expediente de crédito extraordinario n°2019-crext-01 de importe 1.752.889,81 euros co obxecto de habilitar crédito no orzamento 2018 prorrogado ao exercicio 2019 para a asunción directa do servizo de guindastre e depósito e a ORA a través da empresa municipal TUSSA.

6. Proposición do grupo municipal Popular, sobre a modificación dos orzamentos do estado para garantir as partidas necesarias para a execución da estación intermodal, o enlace orbital e a estación depuradora de augas residuais de Santiago de Compostela, de data 31 de xaneiro de 2019, número de rexistro 32.

7. Proposición do grupo municipal do BNG, para a revisión do mapa das escolas infantís, de data 12 de febreiro de 2019, número de rexistro 41.

8. Dar conta da execución trimestral cuarto trimestre 2018.

9. Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

10. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 31 de xaneiro de 2019, núm. 31.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 06 de febreiro de 2019, núm. 36.
Do grupo municipal do BNG de data 12 de febreiro de 2019, núm. 39.
Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 12 de febreiro de 2019, núm. 46.
Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 12 de febreiro de 2019, núm. 47.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de febreiro de 2019, núm. 50.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de febreiro de 2019, núm. 52.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 06 de febreiro de 2019, núm. 37.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de febreiro de 2019, núm. 43.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de febreiro de 2019, núm. 44.

Interpelacións:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de febreiro de 2019, núm. 51.

11. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 04 de febreiro de 2019, número 35, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, da que solicita un local para a AVV barrio de Guadalupe a Ponderosa.

Rexistro de entrada do día 07 de febreiro de 2019, número 38, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a recuperación da disposición adicional de apoio ao Consorcio de Santiago nos orzamentos do estado para 2019.

Rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2019, número 40, presentada polo grupo municipal do BNG, para a mellora da seguranza viaria na rúa Divina Pastora e Lamas de Abade, no Castiñeiriño.

Rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2019, número 42, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o incremento de axentes de policía locais e nacionais en Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2019, número 45, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, para declarar o día 24 de febreiro o día de Rosalía no concello.

Rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2019, número 48, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o apoio a unha iniciativa lexislativa para combater a ocupación ilegal de vivendas.

Rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2019, número 49, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con motivo do 8 de marzo, día internacional da muller.

Rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2019, número 53, presentada polo grupo municipal do BNG, para a recuperar a Casa da Parra para usos expositivos.

Antes de entrar no estudo dos asuntos incluídos na orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación, procédese á votación para a inclusión na orde do día da devandita sesión, previa declaración de urxencia que é acordada por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela

Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, dos seguintes puntos:

Proposta de modificación das bases 33.2 de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018, prorrogado para 2019.

Proposta de aprobación do expediente de modificación de crédito extraordinario co número 2019-CREXT-02 de importe 929.793,10 euros para habilitar crédito no orzamento 2018 prorrogado ao exercicio 2019 para a execución de sentenzas xudiciais.

Seguidamente, vótase para a súa inclusión por urxencia na orde do día, que é acordada por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, o seguinte asunto, que ven asinado polos portavoces dos catro grupos municipais:

Declaración institucional do Concello de Santiago sobre a non concesión dun novo Xulgado do Social para Santiago.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES:

Á sesión ordinaria do día 17 de xaneiro de 2019, número 1.

Á sesión extraordinaria do día 28 de xaneiro de 2019, número 2.

Á sesión extraordinaria urxente do día 28 de xaneiro de 2019, número 3.

Foron aprobadas por unanimidade as actas correspondentes as sesións ordinaria do día 17, extraordinaria do día 28 e extraordinaria urxente tamén do día 28, todas do mes de xaneiro do corrente ano (números 1, 2 e 3).

2. TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDG-PSOE).

Non se presenta.

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL DO SUNP-22 PARA A REORDENACIÓN DE VOLUMES NO QUINTEIRO 16. CASTRO DE ABAIXO.

O informe xurídico emitido con data 31 de xaneiro do corrente ano, pola xefa da sección de xestión urbanística que trae o conforme da concellería de espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade e relación veciñais, ten o seguinte contido:

“A modificación, promovida por EMAC Proyectos y Obras S.L., en representación de SANTIAGO SUR GALICIA S.L., ten por obxecto modificar puntualmente as determinacións do planeamento urbanístico vixente no ámbito do quinteiro 16 do SUNP-22 (Castro de Abaixo), emprazado na confluencia da avenida de Montevideo coa praza de Andrés do Barro, nas seguintes parcelas catastrais:

5661101NH3456B0001HH
5661102NH3456B0001WH
5661103NH3456B0001AH
5661104NH3456B0001BH
5661105NH3456B0001YH
5661106NH3456B0001GH
5661107NH3456B0001QH

1. OBXECTO DA MODIFICACIÓN

Segundo consta na memoria do proxecto presentado, a Modificación pretende:

a) Permitir o emprazamento das 2 prazas de aparcadoiro obrigatorias por vivenda na planta soto, cunha solución de garaxe mancomunado, autorizando a ocupación total da parcela baixo rasante para este efecto, e dispoñendo unha rampla de acceso no testeiro norte do quinteiro.

Aínda que o planeamento vixente (Modificación puntual do Plan parcial aprobada o 27 de decembro de 2012) prevé o emprazamento das prazas de garaxe no espazo libre privado das parcelas, a Modificación que agora se pretende considera que a solución vixente *“altera negativamente la calidad de los espacios libres, la del vial de uso peatonal que se utilizaría para su acceso y en general la de su entorno inmediato”*

b) Redefinir a axustar a división das vivendas á necesidade de incorporar a rampla de acceso ao garaxe, de xeito que as edificacións resultantes quedan cunha fronte de 5.5 metros.

c) Incorporar a solución de cuberta plana e ático, a fin de axustar os escalonamentos e acadar unha imaxe máis homoxénea.

Con base na anterior xustificación, a Modificación propón a ocupación total das parcelas privadas baixo rasante e supón unha reordenación do volume edificable en cada parcela para albergar a rampla de acceso ao garaxe mancomunado.

2. PLANEAMENTO VIXENTE

No ámbito do quinteiro 16, a ordenación do Plan parcial do SUNP-22 e do Estudo de detalle aprobado con posterioridade foron obxecto dunha Modificación puntual aprobada definitivamente o 27.12.2012, que alterou a delimitación da parcela privada e do viario público lindante. Cómpre advertir que o planeamento resultante da antedita Modificación non chegou a executarse, polo que, unha vez que se aprobe definitivamente a presente Modificación puntual, será preciso realizar as operacións que procedan para axustar o parcelario existente á nova ordenación.

3. TRAMITACIÓN

Por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data 20 de abril de 2018 (expediente 2018AAE2157) formulouse o INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO, declarando non someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

En aplicación do procedemento regulado nos artigos 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento, a Modificación aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 11.10.2018 e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que no Diario Oficial de Galicia e no xornal El Correo Gallego o día 31.10.2018. Simultaneamente practicouse citación persoal aos propietarios dos terreos afectados, segundo figuran no Catastro.

Durante o trámite de participación pública non consta a formulación de alegacións.

A directora xeral do Patrimonio Cultural, en resolución asinada o 11.12.2018, emitiu informe favorable á Modificación proposta.

Con data 25.01.2019 a promotora presentou un documento reformado a fin de dar cumprimento ao condicionado do acordo de aprobación inicial, que dispuxo a supresión do epígrafe 2.3 do proxecto inicialmente aprobado. Non entanto o anterior, estimouse conveniente manter o citado epígrafe, se ben reformando a súa redacción co obxecto de incorporar no texto da ordenanza aplicable do Plan parcial (artigo 21, ordenanza 2) as novas determinacións que resultan no ámbito do quinteiro 16.

4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente a Modificación puntual do Plan parcial do SUNP-22 para a reordenación de volumes no quínteiro 16 (Castro de Abaixo), promovida por EMAC Proyectos y Obras S.L. (que actúa en representación de SANTIAGO SUR GALICIA S.L.), segundo o proxecto reformado presentado o 25.01.2019.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do Plan parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Á vista do informe transcrito e máis do ditame favorable da Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión do 14 de febreiro de 2019, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras acorda aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan Parcial do SUNP-22 para a reordenación de volumes no quínteiro 16 (Castro de Abaixo), promovida por EMAC Proyectos y Obras S.L. (que actúa en representación de SANTIAGO SUR GALICIA S.L.), segundo o proxecto reformado presentado o 25.01.2019.

O presente acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a modificación puntual do Plan parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

4. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA DO SISTEMA DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO SERVIZO DA ORA E DO APARCAMENTO DE RESIDENTES.

O informe xurídico emitido con data 17 de xaneiro do corrente ano pola Xefe do servizo de mobilidade e seguridade, que trae o conforme do Director da asesoría xurídica, en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“O Pleno da Corporación, na sesión do 28 de xaneiro de 2.010, aprobou a Ordenanza do Sistema de ordenación e Regulación do Servizo da O.R.A. e Aparcamento de Residentes, que se publicou no BOP da Coruña do 24 de febreiro de 2010.

Posteriormente, o Pleno, na sesión do 29 de marzo de 2012, aprobou unha modificación importante da norma coa finalidade de facilitar a súa comprensión, adaptala á normativa europea e mellorar a xestión do sistema de aparcamento.

Agora propónse unha nova modificación da norma en base ás consideracións que constan no informe do Xerente de Tussa desa mesma data que se incorporou ao expediente. Como se sabe, a empresa municipal ten o encargo de xestionar na actualidade o servizo da ORA e do guindastre.

Os aspectos que se modifican na ordenanza son os relativos:

a) Ás reservas de aparcamento de persoas con mobilidade reducida e tarxetas de aparcamento de discapacitados, artigos 29 e 30 da norma actual, aos que se lle engaden dous artigos máis (coa correspondente alteración da numeración), para recoller as novidades legais introducidas polo Real Decreto 1056/2014, de 12 de decembro, reguladora das condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade (BOE 23 de decembro de 2014) e adaptar a el a Ordenanza.

b) A Disposición Adicional Primeira para posibilitar que a Xunta de Goberno Local poida, tralos correspondentes informes técnicos e a proposta do concelleiro competente en materia de Tráfico e Mobilidade, modificar non só as zonas delimitadas de aparcamento ORA, nos extremos aos que se refire a norma, senón tamén as zonas de residentes. Isto xa se viña facendo na práctica no entendemento de que a Disposición, aínda que non o mencionara expresamente, o permitía ao se referir a “tódalas zonas delimitadas de aparcamento”. En calquera caso, a modificación aclara directa e definitivamente a cuestión eliminando os riscos derivados de posibles interpretacións contraditorias.

PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN

A vixente Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece na súa Disposición Adicional Undécima que para os municipios de gran poboación, como é o caso, as disposicións do título X prevalecerán respecto das demais normas de igual ou inferior rango, no que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles.

En virtude do disposto no artigo 127.1.a), correspóndelle á Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, coa excepción das normas reguladoras do Pleno e das súas comisións. Polo tanto, aínda que a competencia para aprobar a Ordenanza é do Pleno da Corporación (artigo 123.1.d) a Xunta de Goberno Local o órgano competente para aprobar o proxecto da Ordenanza.

Con posterioridade, o procedemento tramitárase consonte o artigo 49 da citada LBRL:

- a) Aprobación inicial do Pleno.
- b) Información Pública e audiencia das persoas interesadas por prazo mínimo de 30 días para que poidan presentar as reclamacións e suxestións que xulguen oportunas.
- c) Resolución das reclamacións e suxestións e a aprobación definitiva da norma. De non haber, reclamacións ou suxestións, a modificación entenderíase aprobada definitivamente.

Finalmente, consonte o artigo 70.2 da LBRL, a modificación aprobada publicarase integralmente no BOP da Coruña e non entrará en vigor ata que transcorra o prazo de 15 previsto no artigo 65.2 da Lei.

En canto ao trámite previo de participación cidadá previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, pode ser aplicable a este caso a excepción sinalada no seu apartado 4, ao tratarse dunha proposta de modificación que non ten impacto significativo na actividade económica, non lles impón obrigas relevantes aos destinatarios e, fundamentalmente, por se tratar dunha modificación parcial da norma que non atinxe ao núcleo da materia que constitúe o seu obxecto.

Polo exposto, propóñolle á Xunta de Goberno Local, que aprobe a proposta de proxecto de modificación da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes que se xunta.

A aprobación da modificación da ordenanza non requirirá o voto favorable da maioría absoluta do Pleno da Corporación polo que non é preceptivo o informe previo de Secretaria.

Tampouco parece que o sexa o de intervención porque, á parte de estarmos ante ningún dos casos do artigo 173 do ROF, do acordo non se derivan, en principio, consecuencias económicas que o fagan necesario.”

O proxecto de modificación da ordenanza foi aprobado pola Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do 25 de xaneiro do corrente ano.

Presentou emendas o grupo municipal do Partido Popular, con data 1 de febreiro, números de rexistro 33 e 34, e que foron obxecto de informe tamén pola xefa do servizo de tráfico.

A aprobación inicial da modificación da ordenanza, foi ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, medio ambiente, medio rural e servizos na súa sesión do día 14 de febreiro do corrente ano, e na devandita sesión acordouse manter para o seu debate en pleno das emendas presentadas polo Partido Popular.

Xa que logo, o pleno procede á votación separada, en primeiro lugar, das emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular e a continuación do texto da ordenanza.

a) O Pleno da Corporación, por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, e 5 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), polo que quedan rexeitadas as emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular.

b) O Pleno da Corporación, por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

1º. Aprobado inicialmente a modificación puntual da ordenanza do sistema de ordenación e regulación do servizo da ORA e do aparcamento de residentes.

2º. Someter a ordenanza a información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, resolveranse estas, incorporándose ao texto do Regulamento as modificacións derivadas da resolución das alegacións.

No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O acordo de aprobación definitiva, expresa ou tácita, da ordenanza co texto íntegro da mesma, deberá publicarse no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles dende a comunicación do acordo, segundo o artigo 65.2 da Lei 7/1985.

O texto da ordenanza que ven de aprobarse inicialmente é o seguinte:

ORDENANZA DO SISTEMA DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO SERVIZO DA ORA E APARCAMENTO DE RESIDENTES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tráfico e o aparcamento teñen unha grande influencia na calidade ambiental e de vida das nosas cidades. A regulación de ambos nas vías urbanas, competencia dos Concellos, pretende conseguir un uso equitativo dos espazos de aparcamento, ao mesmo tempo que

fomentar a utilización do transporte público, promover o uso peonil das rúas e favorecer a fluidez do tráfico rodado.

A implantación dun sistema de aparcamento regulado, con limitación horaria para a permanencia nun mesmo espazo de aparcamento é, entre outros, un instrumento adecuado para acadar os obxectivos municipais.

Para o funcionamento do sistema de aparcamento regulado é preciso elaborar unha disposición de carácter xeral que estableza as condicións de xestión do servizo.

Esta Ordenanza ten por obxecto a regulamentación do servizo de ordenación e regulación de aparcamento, servizo público municipal que pretende regular os espazos de aparcamento en superficie dispoñibles na cidade.

As prazas de aparcamento en superficie na cidade de Santiago de Compostela divídense en dous ámbitos: reguladas e libres. En cada un deles distinguimos as prazas ordinarias e as reservas. Esta Ordenanza regula o uso de aparcamento en toda a área regulada e libre, nas prazas ordinarias e nas reservas para persoas con mobilidade reducida, paradas de autobuses, taxis e reservas para ambulancias, así como os diferentes réximes para a súa correcta utilización.

O artigo 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local que atribúe ao Municipio, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, competencias sobre “ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas”.

O artigo 7 do Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado por Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, que concreta as competencias municipais sobre esta materia, e en particular, refírese nos seus apartados b), c) e d), as seguintes:

b) Á regulación, mediante Ordenanza Municipal, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos.

c) Á inmovilización dos vehículos en vías urbanas cando non dispoñan de títulos que habiliten o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida ata que se logre a identificación do condutor.

A retirada dos vehículos das vías urbanas e o posterior depósito daqueles cando obstaculicen ou dificulten a circulación ou supoñan un perigo para esta ou se atopen incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido, nas condicións previas para a súa inmovilización neste mesmo artigo.

Do mesmo xeito, a retira de vehículos nas vías interurbanas e o posterior depósito destes, nos casos e condicións que regulamentariamente se determinen.

No exercicio das competencias atribuídas aos municipios pola normativa referenciada elaborouse un proxecto de nova Ordenanza Reguladora do Aparcamento no Concello de Santiago de Compostela que ven así a substituír o Título III da vixente Ordenanza de Circulación e uso da Vía Pública do 6 de marzo de 1998 e as súas modificacións posteriores.”

CAPÍTULO I: OBXECTO DA ORDENANZA E ÁMBITO DE APLICACIÓN

CAPÍTULO II: RÉXIMES

CAPÍTULO III: DISPOSICIÓNS COMÚNS AO RÉXIME XERAL

CAPÍTULO IV: DISPOSICIÓNS COMÚNS AOS RÉXIMES EXCEPCIONAIS

CAPÍTULO V: APLICACIÓN DA ORDENANZA

CAPÍTULO VI: RÉXIME ESPECIAL

CAPÍTULO VII: RÉXIME DAS ÁREAS RESERVADAS.

CAPÍTULO VIII: ACTIVIDADES DIFERENCIADAS

CAPÍTULO IX: DISPOSICIÓNS COMÚNS

CAPÍTULO X: INFRACCIÓNS E SANCIÓN

CAPÍTULO I. OBXECTO DA ORDENANZA E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.- Esta Ordenanza ten por obxecto a regulación do servizo de ordenación e regulamentación do aparcamento (en adiante ORA), nas prazas ordinarias e nas reservas para persoas con mobilidade reducida, paradas de autobuses e taxis e reservas para ambulancias, así como os diferentes réximes para a súa correcta utilización.

Este é un servizo público que pretende a regulación dos espazos de aparcamento en superficie dispoñibles na cidade, fixando os tempos máximos de permanencia para lograr unha rotación dos vehículos que permita optimizar o uso dun ben escaso como é o do dominio público dedicado para tal fin, así como a priorización de uso do dominio público por parte dos residentes, nas circunstancias establecidas na presente Ordenanza.

Os espazos nos que se implante o sistema de estacionamentos ORA, regulados na presente Ordenanza, dividiranse en zonas delimitadas e indicadas mediante a oportuna sinalización horizontal e vertical, en cor azul ou verde; segundo se trate do réxime xeral ou o réxime excepcional de residentes, respectivamente.

As zonas serven para delimitar a área na que é válido o título habilitante ou dispositivo electrónico autorizado e o espazo no que, esgotado o período máximo establecido para os diferentes sectores, non é posible estacionar ata pasadas dúas horas.

En cada sector rexerá un tempo máximo de estacionamento e as disposicións particulares que se establezan.

Como anexos a esta Ordenanza inclúense unha relación coas rúas e prazas nas que se aplicará o sistema de regulación de aparcamento. A determinación dos sectores e rúas ou futuras ampliacións que comprende este réxime de actuación determinarase pola Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico e Mobilidade e previos os informes técnicos oportunos.

Artigo 2.- O ámbito de aplicación desta Ordenanza é o termo municipal do Concello de Santiago, dentro do territorio delimitado ao efecto.

CAPÍTULO II: RÉXIMES

Artigo 3.- A zona de regulación de aparcamento divídese en diversos réximes, debidamente indicados e delimitados mediante a sinalización vertical e horizontal oportuna:

- a) Réxime ordinario no que se distingue: unha zona de curta duración, unha zona xeral, dividida en sectores segundo o anexo V e unha zona de longa duración. Todas elas sinalizadas en cor azul.
- b) Réximes excepcionais, entre os que destaca o réxime de residentes sinalizado en cor verde.

Artigo 4.- Zonas O.R.A. Xeral.

As rúas ou prazas actualmente reguladas figuran no Anexo I, e divídese en sectores que figuran recollidos no Anexo V, que incorpora un plano coa súa delimitación.

Serán usuarios/as, as persoas que previo o pagamento das tarifas establecidas na correspondente Ordenanza Fiscal, estacionen nas zonas delimitadas para tal fin, un tempo máximo de cento vinte minutos, previa obtención do título habilitante (tícket) ou dispositivo electrónico autorizado.

Finalizado o tempo abonado para aparcar, os condutores deberán deixar a praza de aparcamento da zona ORA, e do sector no que se atopa, non podendo regresar para aparcar no mesmo sector da referida zona ata transcorridas dúas horas. A autoridade municipal poderá decidir excluír desta obriga a aquelas zonas que así se relacionen nos anexos á presente ordenanza.

Artigo 5.- Zonas O.R.A. de curta duración.

As rúas ou prazas actualmente reguladas figuran no Anexo II.

Serán usuarios e usuarias, as persoas que previo o pagamento das tarifas establecidas na correspondente Ordenanza Fiscal, estacionen nas zonas delimitadas para tal fin, un tempo máximo de sesenta minutos, previa obtención do título habilitante (tícket) ou dispositivo electrónico autorizado.

A autoridade municipal poderá determinar a obrigatoriedade de abandonar o sector unha vez esgotado o tempo máximo para aparcar, contado dende a hora de obtención do primeiro tícket, podendo regresar para aparcar no mesmo unha vez transcorridas dúas horas.

Artigo 6.- Zona O.R.A. de Longa Duración

As rúas ou prazas actualmente reguladas figuran no Anexo III.

Serán usuarias/os, as persoas que previo o pagamento das tarifas establecidas na correspondente Ordenanza Fiscal, estacionen nas zonas delimitadas para tal fin, un tempo máximo de 240 minutos, previa obtención do título habilitante (tícket) ou dispositivo electrónico autorizado.

Artigo 7.- Residentes por domicilio

Serán usuarios/as, as persoas que previa obtención dun distintivo de residentes, estacionen nas prazas de residentes da zona que lles corresponda ao seu domicilio de empadramento.

Diferenciáranse dous supostos:

1. Residentes por domicilio en zona ORA, que poderán estacionar nas rúas contidas no seu sector de residencia, segundo anexos I e V, previo pago da tarifa que a tal efecto se establecerá na ordenanza fiscal correspondente, e por un tempo máximo de 240 minutos. A estes efectos considéranse incluídas as rúas peonís ou sen prazas de aparcamento, próximas ás zonas regulada de estacionamento, segundo o plano que se xunta. Estes sectores poderán ser modificados por acordo da Xunta de Goberno Local.

2. Residentes por domicilio en zona verde, que poderán estacionar na zona que lle corresponda de entre as que se relacionan no ANEXO IV da ordenanza.

A Xunta de Goberno Local poderá determinar zonas específicas nas que os residentes poidan beneficiarse de ambos os dous supostos.

Requisitos: Poderán obter o distintivo de aparcamento de residentes para un vehículo concreto, toda aquela persoa física que estando debidamente inscrita no padrón municipal do Concello de Santiago de Compostela, propietaria dun vehículo turismo, triciclo ou cuadriciclo cabinado que, de forma conxunta e inescusable, reúna os seguintes requisitos:

a) Que o vehículo sexa propiedade da persoa física, residente habitual e efectivo en Santiago de Compostela, dado/a de alta no padrón municipal nalgún domicilio radicado dentro do ámbito territorial da zona para a que se solicita a tarxeta, para o suposto de residentes por razón de domicilio. Exceptuaranse deste requisito aqueles usuarios que dispoñan dun vehículo cun contrato de arrendamento financeiro (renting) ou aqueles que dispoñan dun vehículo de empresa coa que mantén relación laboral contractual.

Considerarase aos efectos de aplicación desta ordenanza, propietario do vehículo quen así conste no permiso de circulación.

b) Que o vehículo para o que se solicita o distintivo estea dado de alta no padrón do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Santiago de Compostela, e ao corrente no pago do referido imposto, e que o domicilio no que se paga o imposto coincida cos establecidos nos apartados anteriores.

c) Que o solicitante e o vehículo para o que se interesa o distintivo non teña pendentes sancións por infracción a normativa de tráfico ou á presente Ordenanza, impostas por resolución firme en vía administrativa polo órgano competente do Excmo. Concello de Santiago.

d) Que se trate dun vehículo turismo, triciclo ou cadriciclo cabinado. Nestes casos comprobarase a ficha técnica do vehículo e a clasificación do mesmo.

e) Que o solicitante non sexa titular dunha praza de aparcamento en réxime de concesión nos aparcadoiros municipais.

Documentación: Para obter o distintivo de residente por domicilio o interesado/a ou o seu representante deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello, a seguinte documentación:

a) Solicitude en impreso oficial presentada no Rexistro Xeral do Concello ou polo procedemento telemática que no seu día se habilite.

b) Fotocopia do D.N.I. ou, para estranxeiros tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade do solicitante. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse a mesma, aportando fotocopia de identificación do representante e autorización asinada polo representado.

c) Permiso de circulación no que o solicitante figure como titular do vehículo e que o seu uso sexa particular (agás no suposto de vehículo en renting)

d) Fotocopia do último recibo pagado do seguro.

e) Declaración xurada de non ser titular dunha praza de aparcamento en réxime de concesión nos aparcadoiros municipais.

Para obter o distintivo de aparcamento para residente con vehículo en réxime de arrendamento financeiro, deberá presentar, ademais contrato de leasing ou renting.

No caso de que unha persoa física dispoña dun vehículo cedido pola súa empresa, deberá presentar unha autorización da empresa para facer uso do referido vehículo de maneira única e exclusiva, e fóra do horario de traballo. Non será necesario neste caso, acreditar que o solicitante é o propietario do vehículo nin que o servizo ao que se destina é particular.

Dos documentos sinalados nos apartados b), c) e d), así como dos incluídos anteriormente acompañarase fotocopia, exhibíndose o seu orixinal, para o seu cotexo.

Os resgardos orixinais en vigor que conteñan os datos esixidos, admítense en lugar dos documentos orixinais se estes non foron aínda emitidos.

En todo caso, o domicilio que conste en todos os documentos deberá coincidir co do empadramento, excepto o do DNI.

O domicilio de empadramento do solicitante, así como o abono do último recibo do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica serán comprobados, de oficio, pola Administración.

Artigo 8. Residentes por traballo ou actividade profesional.

Serán usuarios/as, as persoas que previa obtención dun distintivo de residentes, estacionen nas prazas de residentes da zona que lles corresponda ao seu domicilio de traballo ou actividade profesional.

Diferenciaranse dous supostos:

1. Residentes por traballo en zona ORA, que poderán estacionar nas rúas contidas no ANEXO I, previo pago da tarifa que para o efecto se establecerá na ordenanza fiscal correspondente, e por un tempo máximo de 240 minutos.
2. Residentes por traballo en zona verde, que poderán estacionar na zona que lle corresponda, dentro das que se relacionan no ANEXO IV da ordenanza.

O custe do dito distintivo determinarase na Ordenanza Fiscal 3.17

Requisitos: Os mesmos que para os residentes por domicilio, agás que non existe a obriga de estar empadroadado no Concello de Santiago. No seu lugar o solicitante deberá acreditar o domicilio de traballo ou actividade profesional nunha zona afectada pola zona azul ou pola zona verde, segundo sexa o caso.

Documentación: Ademais da indicada no artigo anterior, deberá acreditar o domicilio de traballo mediante certificado de empresa no que figure o mesmo ou documento.

Artigos 9. Residentes por Municipio.

Serán usuarias, as persoas que previa obtención dun distintivo de residentes, estacionen na zona ORA Xeral, previo pago da tarifa establecida para residentes na ordenanza fiscal correspondente, durante un máximo de 240 minutos ou, en calquera das zonas verdes do Anexo IV, en horario de 8h a 20:30h.

O custe do dito distintivo determinarase na Ordenanza Fiscal 3.17

Requisitos: Os mesmos que para os residentes por domicilio, agás que para os efectos de xustificar a residencia, será de abondo con estar dado/a de alta no padrón municipal do Concello de Santiago.

Documentación: A mesma que para os residentes por domicilio.

Artigo 9bis. (antigo artigo 29)

Números de distintivos de aparcamento de residente:

- a) Concederá un distintivo de aparcamento de residente por persoa e vehículo.
- b) Poderá concederse un segundo e aínda un terceiro distintivo de aparcamento de residente para un mesmo domicilio ou a un mesmo titular, para un segundo ou terceiro vehículo, cando o condutor deste sexa o seu cónxuxe, parella de feito debidamente inscrita no rexistro ou descendente consanguíneo en liña recta en primeiro ou segundo grado do titular, sempre que estean empadroados no mesmo domicilio.

Neste caso, os interesados deberán presentar, ademais da documentación contemplada nos artigos 7, 8 e 9 segundo proceda, fotocopia do Libro ou Libros de Familia, exhibíndose o seu orixinal, para o seu cotexo ou certificado de inscrición no rexistro de parellas de feito.

En todo o caso, o número de distintivos de aparcamento de residente por razón de domicilio, non excederá de tres.

CAPÍTULO III. DISPOSICIÓN COMÚNS AO RÉXIME XERAL

Artigo 10. Características do sistema de xestión nos distintos sectores.

As características básicas deste sistema de xestión son:

- a) Para estacionar nas zonas de aparcamento limitado, os usuarios deberán de obter a correspondente autorización de aparcamento, previo pago da taxa correspondente, no caso da expedición do título habilitante (ticket) ou dispositivo electrónico autorizado.
- b) Son autorizacións de aparcamento:
 - Os títulos habilitantes (ticket) expedidos nos parquímetros, previo pago, ben mediante moedas ou ben mediante tarxeta magnética ou chip autorizado, do importe requirido e fixado no cadro de tarifas, para o réxime ordinario.
 - Os dispositivos electrónicos autorizados.
 - Os distintivos de aparcamento de réximes excepcionais.
- c) O tempo máximo de estacionamento será o establecido para cada zona.
- d) Están obrigados por esta Ordenanza de regulación de estacionamento todos os/as propietarios/as e condutores de vehículos a motor, excepto os das motos e os ciclomotores de dúas rodas, que deberán estacionar nas zonas habilitadas para tal fin.
- e) Os parquímetros, previo abono da tarifa que corresponda, emitirán ao usuario un título habilitante (ticket) para o estacionamento, no que, entre outros datos, reflectirase a

hora límite de estacionamento, e poderá establecer a zona e o sector no que se atopa, a data e a matrícula do vehículo.

f) O título habilitante (tícket) colocarse no interior do vehículo, no cadro de mandos, de forma que sexa visible dende o exterior.

Artigo 11. Horarios

Nas zonas reguladas pola ORA aplicarase o seguinte horario:

- Zonas Xeral, Longa e Algalia de Abaixo: De luns a Venres de 10 a 14 horas e de 16,30 a 20,30 horas. Sábados mañá de 10 a 14 horas.

- Zona curta duración, agás Algalia de Abaixo: De luns a Venres de 8 a 14 horas e de 16,30 a 20,30 horas. Sábados mañá de 8 a 14 horas.

O servizo estará en actividade unicamente os días laborables. A Xunta de Goberno Local poderá modificar os ditos horarios, arbitrando os medios necesarios para xeral coñecemento dos usuarios.

A estes efectos, entenderase que existen diariamente dous servizos diferenciados, de mañá (ata as 14 horas) e de tarde (dende as 16:30).

Artigo 12. Tarifas

Serán as aprobadas polo órgano competente incluídas na Ordenanza denominada Taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais.

Artigo 13. Anulación aviso de denuncia

a) Anulación por exceso de horario inferior a media hora.

No caso de exceder o tempo de estacionamento permitido no título habilitante, por menos de trinta minutos, o usuario poderá anular a tramitación da denuncia mediante a obtención dun segundo tícket especial de “exceso” no que constará a hora da súa expedición.

Pasados os 30 minutos, poderá aínda anular a denuncia sacando un tícket especial de anulación, no prazo de 24 horas contando dende a hora da denuncia.

b) Anulación por outros motivos.

No caso de ser denunciado por non ter tícket ou sobrepaso maior de media hora, poderá anularse o aviso de denuncia ca obtención dun tícket especial de anulación.

- Para o caso de ser denunciado por non ter tícket, esta operación estará dispoñible sempre que non exceda de 60 minutos contando dende a hora que figura no aviso de denuncia.

- No caso de denuncia por sobrepaso maior de media hora, esta operación estará dispoñible durante 24 horas, contando dende a hora que figura no aviso de denuncia.

A cantidade a aboar por calquera destes dous conceptos será a aprobada polo órgano competente incluída na Ordenanza 3.17 denominada Taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais. O abono da citada cantidade non supón que o vehículo denunciado poida continuar estacionado na rúa.

En caso de nova denuncia, esta non poderá reiterarse ata transcorrido, como mínimo, o tempo máximo de estacionamento establecido para cada zona e sector, dende a formulación da anterior, e sempre que persista a infracción.

Artigo 14. Control do estacionamento

O control dentro do ámbito territorial de aplicación do sistema de regulación do aparcamento está encomendada aos controladores da ORA.

Os controladores das zonas de estacionamento regulado (ORA) estarán obrigados a denunciar as infraccións referidas á normativa específica que regula as ditas zonas.

As denuncias formuladas por este persoal tramitaranse como denuncias voluntarias conforme os requisitos e procedementos previstos no Texto Articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria e no Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico.

Na tramitación das mencionadas denuncias voluntarias identificarase ao controlador polo código do mesmo e como domicilio constará o da empresa adxudicataria.

CAPÍTULO IV . DISPOSICIÓNS COMÚNS AOS RÉXIMES EXCEPCIONAIS

Artigo 15. Réximes excepcionais

Considéranse réximes excepcionais aqueles que se rexen por normas diferentes ao réxime ordinario. Son de aplicación a estes réximes excepcionais as disposicións comúns do capítulo III.

Considéranse tres tipos diferentes de réximes excepcionais:

- Réxime de residentes
- Réxime de vehículos de persoas con discapacidade
- Réxime especial

O titular do distintivo de aparcamento non poderá efectuar reclamación algunha nos casos nos que, por estar completamente ocupado o estacionamento da súa zona e sector, deba dirixirse a outro lugar a estacionar.

Artigo 16. Distintivos de aparcamentos

a) Os vehículos adscritos a algún dos réximes excepcionais deberán levar colocado o distintivo de aparcamento no seu interior, de forma que sexa facilmente visible dende o exterior.

b) Os distintos modelos de distintivos de aparcamento son:

- distintivo de aparcamento de residente por razón de domicilio (R)
- distintivo de aparcamento de residente por razón de municipio (L)
- distintivo de aparcamento de vehículo de persoas con discapacidade (M)

c) Os distintivos de aparcamento conterán os seguintes datos:

- o período de vixencia
- a matrícula do vehículo autorizado, e no seu defecto, determinados díxitos
- limitación horaria, no seu caso
- limitación zonal, no seu caso

Artigo 17. Vixencia dos distintivos de aparcamento

Os distintivos de aparcamento teñen, como norma xeral, un período de vixencia bianual.

Artigo 18. Solicitud dos distintivos de aparcamento

O interesado deberá de solicitar a renovación do distintivo de aparcamento, para o vehículo bianualmente, agás para os vehículos de persoas con discapacidade que se renovará cada cinco anos, sen prexuízo dos cambios que puideran producirse na valoración da discapacidade que conlevará a perda da súa vixencia. A solicitud de renovación presentase no Rexistro Xeral do Concello, nos Rexistros Auxiliares ou polo procedemento telemática que no seu día se habilite

Artigo 19. Comprobación dos requisitos

1. O Concello de Santiago de Compostela poderá comprobar de oficio, en calquera momento, ou requirir ao interesado que acredite, calquera dos requisitos esixidos para a obtención do distintivo de aparcamento.

2. Ademais da documentación a que se refire esta Ordenanza e as comprobacións, que no seu caso, poida realizar o Concello de Santiago de Compostela, tamén poderá esixir ao interesado que aporte cantos documentos considere necesarios para acreditar calquera extremo que non aparecera debidamente xustificado, ou comprobar a vixencia dos documentos presentados inicialmente.

Artigo 20. Uso indebido do distintivo de aparcamento.

O uso indebido do distintivo de aparcamento, faculta ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela á retirada do mesmo, e a denegar a renovación por un período máximo

de tres anos, sen prexuízo das sancións que, no seu caso, puideran imporse, de conformidade co preceptuado no capítulo referido as infraccións e sancións.

Artigo 21. Modificación dos requisitos

1. Os titulares de distintivos de aparcamento están obrigados a comunicar ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela, no prazo de quince días, calquera modificación con respecto á titularidade dos vehículos, residencia do propietario e demais datos e circunstancias tidas en conta na concesión dos referidos distintivos. Tamén deberán de proceder á devolución do dito distintivo.
2. De non comunicarse as modificacións, o Concello de Santiago de Compostela, poderá denegar a renovación durante un período máximo ata tres anos, sen prexuízo das sancións que, no seu caso, puideran imporse.
3. O interesado poderá solicitar un novo distintivo de aparcamento, para o cal, deberá, ademais de cumprir os requisitos, entregar o distintivo antigo.

Artigo 22. Extravío do distintivo de aparcamento

O titular dun distintivo de aparcamento é responsable do mesmo e do seu correcto uso. En caso de extravío poderá obter un duplicado, previo abono de 5,00 €. O documento duplicado identificarase como tal.

CAPÍTULO V. APLICACIÓN DA ORDENANZA

Artigo 23. Non serán obxecto de aplicación desta ordenanza os seguintes supostos.

As prescricións contidas na presente Ordenanza non serán de aplicación aos seguintes vehículos:

1. Motos e ciclomotores de dúas rodas e bicicletas nas prazas específicas debidamente sinalizadas, pois non están autorizadas a estacionar en zona ORA fóra das prazas reservadas para eles.
2. Vehículos de auto-taxi cando o condutor estea presente realizando un servizo.
3. Vehículos destinados á asistencia sanitaria que pertencen á Seguridade Social, Cruz Vermella ou Protección Civil, así como as ambulancias cando se encontren na prestación dun servizo.
4. Vehículos oficiais dos corpos de seguridade, exteriormente identificados, cando se encontren prestando un servizo.
5. Vehículos oficiais de bombeiros exteriormente identificados, cando se encontren prestando un servizo.

6. Vehículos eléctricos, identificados polo distinto “0 emisións” emitido pola Dirección Xeral de Tráfico.

Artigo 24. Exención da propiedade do vehículo

1. No caso de que o vehículo turismo sexa o único que conste na vivenda e o seu condutor non sexa propietario do mesmo, concederáse distintivo de residentes se cumpre os seguintes requisitos:

- a) Comprobarase, de oficio, o empadramento no Concello de Santiago de Compostela
- b) O dono do vehículo é persoa con discapacidade e non posúe permiso de conducir
- c) Se existe un parentesco de consanguinidade en liña recta en primeiro grao entre ambos (pais ou fillos); se o condutor é titor legal do propietario do vehículo ou si se trata de cónxuxe ou parella de feito, acreditándoo cun certificado do rexistro.

2. A solicitude será realizada polo condutor do vehículo e presentará como documentación adicional a dos artigos 7 a 9, os seguintes documentos:

- a) Libro de familia ou certificado estendido polo rexistro de parellas de feito
- b) Certificado de minusvalía do propietario do vehículo
- c) Se o solicitante e a persoa con discapacidade non tiveran ningún dos vínculos aos que se refire o presente artigo, o primeiro deberá presentar certificado médico que acredite a necesidade de axuda permanente, así como o contrato de traballo que une a ambos.

Dos documentos sinalados nos apartados a) e b) do parágrafo anterior, acompañarase fotocopia, exhibíndose o seu orixinal, para o seu cotexo, do apartado c) exhibirase o orixinal.

CAPÍTULO VI. RÉXIME ESPECIAL

Artigo 25

Como cidade de cabeceira dunha importante área metropolitana e sanitaria, a cidade precisa da posta en marcha de novas áreas de estacionamento de borde. A tal efecto estas áreas contarán cun réxime tarifario especial recollido na ordenanza fiscal e cuxa tarifa permitirá o estacionamento ao longo de todo o día.

CAPÍTULO VIII . RÉXIME DE ÁREAS RESERVADAS

Artigo 26. Áreas reservadas ou reservas

1. Son áreas reservadas ou reservas as zonas e prazas de estacionamento cuxo uso está reservado de maneira exclusiva a certos vehículos o persoas habilitados coa preceptiva autorización ou permiso.

2. As reservas ocupan un espazo físico na calzada, e o seu uso exclusivo pode ser permanente, ou estar limitado a certas horas e/ou días, e incluso pode indicarse o tempo máximo de estacionamento (reservas temporais).

3. Son áreas reservadas:

- a) reservas para persoas con mobilidade reducida
- b) áreas de carga e descarga
- c) paradas de autobús e taxi
- d) reservas para ambulancias
- e) reservas por obras e estadas
- f) reservas por motos ou bicicletas
- g) reservas para centros oficiais e consulados

Artigo 27. Áreas reservadas baixo regulación

As áreas reservadas atópanse en toda a cidade, fóra e dentro das zonas de estacionamento regulado.

a) Aquelas reservas situadas dentro da área de sistema de estacionamento regulado considéranse fóra da regulación desta Ordenanza durante o horario en que estea vixente a reserva.

b) Fóra do dito horario, e dentro do intervalo de tempo regulado, as prazas de aparcamento de reserva poderán estar incluídas dentro da zona e sector en que se encontren situadas e sometidas as normas da presente Ordenanza.

c) Aos efectos de control do correcto uso das reservas por parte dos vehículos e persoas autorizadas, terán tal consideración nesta Ordenanza as áreas reservadas para persoas con discapacidade, paradas de autobús e taxi e reservas para ambulancias existentes nas zonas reguladas dentro desta Ordenanza.

d) Nos casos en que sexa necesaria a preceptiva autorización de aparcamento, nas áreas reservadas este será o correspondente permiso de estacionamento.

Artigo 28. Reservas para persoas con mobilidade reducida

a) As reservas para persoas con mobilidade reducida serán as que se encontren perfectamente sinalizadas na vía pública, e de uso exclusivo deste colectivo, sempre e cando se expoña en lugar visible do vehículo o permiso de estacionamento que se sinala no apartado b).

b) O permiso de estacionamento o constitúe a “tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida”, que faculta ao seu titular sexa ou non o condutor do vehículo para utilizar, en exclusiva, as zonas de estacionamento reservadas a persoas con mobilidade reducida que, de conformidade coas recomendacións do Consello da Unión Europea, de 4 de xuño de 1.998, adaptárase ao modelo que recolle o Real Decreto 1056/2014, de 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e

uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade (BOE 23 de decembro de 2014). Esta tarxeta poderá ser utilizada en todos os Estados membros da Unión Europea nos termos nos que os respectivos concellos comunitarios teñan establecido en materia de ordenación e circulación de vehículos e nas prazas reservadas en calquera de España, con independencia da Comunidade Autónoma na que se teña emitido.

c) Estas reservas son de carácter permanente, non estando sometidas a limitación horaria.

d) O uso destas reservas non se encontra sometido a tarifa.

Artigo 29. Requisitos para a obtención da tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, documentación a aportar.

Serán titulares do dereito a obter a tarxeta de estacionamento as persoas físicas que teñan recoñecida oficialmente a condición de persoa con discapacidade, conforme ao establecido no artigo 4.2 do Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

1. Que presenten mobilidade reducida, conforme ao anexo II do Real Decreto 1971/1999 de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, ditaminada polas equipas multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.
2. Que mostren no mellor ollo unha agudeza visual igual ou inferior ó 0,1 con corrección, ou un campo visual reducido a 10 graos ou menos, ditaminada polas equipas multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

Tamén serán titularas destes distintivos de estacionamento as persoas físicas ou xurídicas titulares de vehículos destinados exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con discapacidade que presten servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia a que se refire o Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro.

Para a obtención da tarxeta por primeira vez, o interesado/a ou o seu representante deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou polo procedemento telemática que ao efecto se habilite, a seguinte documentación:

- 1) En caso de persoas físicas que teñan recoñecido o grao de discapacidade:
 - a) Solicitude en impreso oficial.
 - b) Fotocopia do DNI ou, para estranxeiros tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade do solicitante.
 - c) No suposto de actuar por representación deberá acreditarse a mesma, aportando fotocopia de identificación do representante e autorización asinada polo representado.

- d) Dúas fotografías orixinais tamaño carné.
 - e) Fotocopia do permiso de circulación do vehículo que o discapacitado utiliza habitualmente.
 - f) Fotocopia do certificado de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación de Discapacidades da Consellería competente da Xunta de Galicia.
 - g) Fotocopia do ditame-proposta emitido polo persoal facultativo do Equipo de Valoración e Orientación de Minusvalías (EVO).
- 2) Para o suposto de persoas físicas ou xurídicas titulares de vehículos destinados exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con discapacidade que presten servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia:
- a. A documentación prevista nos apartados a), b) e c) do suposto anterior.
 - b. Fotocopia de la ficha técnica del vehículo.
 - c. Permiso de circulación do vehículo.
 - d. Acreditación de que dito vehículo se destina exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con discapacidade que presten servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia.

Artigo 30. Dereitos e obrigas dos titulares da tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida e condicións de uso:

- 1) Serán dereitos dos titulares dos distintivos, os seguintes:
- a) Reserva de praza de aparcadoiro, previa a oportuna solicitude ao Concello e xustificación da necesidade de acordo coas condicións establecidas, en lugar próximo ao domicilio ou posto de traballo. A praza estará sinalizada co símbolo internacional de accesibilidade.
 - b) Estacionamento nos lugares habilitados para as persoas con discapacidade.
 - c) Estacionamento nas zonas de aparcadoiro de tempo limitado durante o tempo necesario.
 - d) Parada ou estacionamento nas zonas reservadas para carga e descarga, nos termos establecidos na Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública ou norma que a substitúa, sempre que non se ocasionen prexuízos ós peóns ou ó tráfico.
 - e) Parada en calquera lugar da vía, por motivos xustificados e polo tempo indispensable, sempre que non se ocasionen prexuízos aos peóns ou ao tráfico de acordo coas instrucións dos axentes da autoridade.
 - f) Acceso a vías, áreas ou espazos urbanos con circulación restrinxida a residentes sempre que o destino atópanse no interior desa zona.

2) Os titulares das tarxetas estarán obrigados a súa correcta utilización, segundo as condicións de uso sinaladas nesta norma.

3) Condicións de uso:

A tarxeta de estacionamento expedida a prol e en beneficio dunha persoa a título particular para a súa utilización nos vehículos que estea a usar para os seus desprazamentos será persoal e intransferible e utilizada unicamente cando a persoa titular conduza o vehículo ou sexa transportada nel.

A tarxeta de estacionamento expedida a prol dunha persoa física ou xurídica, titulares de vehículos destinados exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con discapacidade que presten servizos sociais de promoción da autonomía persoal tamén serán persoais e intransferibles, estarán vencelladas a un número de matrícula destes vehículos e será eficaz unicamente cando o vehículo transporte de forma efectiva a persoas que teñan recoñecida oficialmente a condición de persoa con discapacidade.

O uso do distintivo está condicionado a que o seu titular manteña os requisitos esixidos para o seu outorgamento.

Deberá colocarse no parabrisas dianteiro, de xeito que o seu anverso sexa lexible dende o exterior do vehículo e deberá permitirse o seu exame pola autoridade competente cando esta así o requira.

A dita tarxeta concederá á gratuidade para aparcarse na zona ORA e o uso das zonas verdes.

A posesión do distintivo de estacionamento en ningún caso suporá autorización para estacionar en zonas peonís, en pasos peonís, nos lugares e supostos en que estea prohibido parar, lugares que obstrúan vados ou saídas de emerxencia, zonas acoutadas por razóns de seguridade pública e espazos que reduzan carrís de circulación.

Artigo 31. Tarxeta provisional

1. Atendendo a razóns humanitarias, excepcionalmente concederáse un distintivo de estacionamento de carácter provisional de vehículos automóbiles ás persoas que presenten mobilidade reducida, aínda que esta non sexa ditaminada oficialmente, por causa dunha enfermidade ou patoloxía de extrema gravidade que supoña fehacientemente unha redución substancial da esperanza de vida que se considera normal para a súa idade e demais condicións persoais, e que razoablemente non permita tramitar en tempo a solicitude ordinaria da tarxeta de estacionamento.

2. Para a obtención do distintivo de estacionamento provisional, a acreditación dos extremos enunciados no apartado anterior efectuarase mediante a emisión do correspondente certificado polo persoal médico facultativo dos servizos públicos de saúde, que deberá contar coa validación da inspección dos servizos sanitarios competentes por razón do domicilio da persoa solicitante.

3. Aos titulares da tarxeta de estacionamento provisional seralles de aplicación os dereitos, obrigas e condicións de uso regulados nesta norma, durante o tempo que dure a súa concesión.

4. A concesión do cartón de carácter provisional terá unha duración máxima dun ano, podendo prorrogarse por un período igual, sempre que se manteñan as condicións iniciais requiridas para o seu outorgamento.

Artigo 32. Parada de bus e taxi

a) As reservas habilitadas como paradas de bus e taxi serán as que se encontren convenientemente sinalizadas na vía pública, e para uso exclusivo de autobuses e taxis destinados ao servizo público de transporte de pasaxeiros.

b) Estas reservas son de horario permanente, non estando sometidas a limitación horaria.

c) O uso destas reservas non se encontra sometido a tarifa.

Artigo 33. Reservas para ambulancias

a) As reservas habilitadas para ambulancias serán as que se encontren convenientemente sinalizadas na vía pública, e para uso exclusivo de ambulancias destinadas ao servizo público de transporte de enfermos.

b) Estas reservas son de horario permanente, non estando sometidas a limitación horaria, agás que así se prevea expresamente.

c) O uso destas reservas non se encontra sometido a tarifa, cando o centro ao que presten servizo sexa de titularidade pública.

CAPÍTULO VIIX. ACTIVIDADES DIFERENCIADAS

Artigo 34. Actividades diferenciadas

Denomínanse actividades diferenciadas os servizos prestados por aqueles vehículos que non están suxeitos a esta Ordenanza (limitación temporal e espacial de estacionamento, e pago do mesmo), salvo sinalización específica ou norma en contrario, e sempre que estean prestando o seu servizo.

Son, por tanto, actividades diferenciadas:

a) Vehículos oficiais das Forzas e Corpos de Seguridade: están exentos das disposicións desta Ordenanza os vehículos oficiais dos Corpos de Seguridade que estean exteriormente identificados, cando se encontren prestando servizo.

b) Taxis: están exentos das disposicións desta Ordenanza os vehículos auto-taxi, cando o condutor se encontre presente e prestando o seu servizo.

c) Ambulancias: están exentos das disposicións da presente Ordenanza as ambulancias que pertencen a institucións sanitarias cando estean prestando servizo. Os referidos vehículos deberán estar convenientemente identificados no seu exterior, e o condutor deberá de estar presente.

d) Vehículos oficiais de bombeiros: están exentos das disposicións desta Ordenanza os vehículos oficiais de Bombeiros que estean exteriormente identificados e se encontren prestando o seu servizo.

CAPÍTULO IX. DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 35. Disposicións comúns

1. O Concello de Santiago poderá efectuar de oficio, cantas comprobacións estime oportunas antes de emitir as tarxetas contempladas na presente Ordenanza, o obxecto de verificar o cumprimento das condicións e requisitos esixidos nesta.

2. Ademais da documentación a que se refire esta Ordenanza e as comprobacións que, no seu caso se fagan, o Concello de Santiago poderá esixir ao interesado que aporte cantos documentos considere necesarios para acreditar calquera extremo que non apareza debidamente xustificado.

3. O uso indebido e reiterado da tarxeta ou distintivo, (vehículo non autorizado, fóra de zona ou horario, ...) faculta ao Concello de Santiago de Compostela á retirada da mesma e a denegar a renovación durante un período de tempo máximo de ata tres anos, ademais das sancións que, no seu caso, puideran impoñerse.

4. Todos os titulares das tarxetas ou distintivos outorgados polo Concello, se obrigan a comunicar Concello de Santiago, no prazo de quince días, calquera modificación que atinxe á titularidade dos vehículos, residencia do propietario e demais datos e circunstancias tidas en conta na concesión daquelas. Se non o fixera, o Concello de Santiago estará facultado para retirar a tarxeta e denegar a renovación durante un período máximo de ata tres anos, ademais das sancións que, no seu caso, puidesen impoñerse.

Artigo 36. Outras zonas reservadas ou ocupadas

Nas zonas ORA poderán establecerse reservas de espazo para actividades e usuarios determinados (persoas con discapacidade, taxis, paradas de bus, carga e descarga, etc.)

Os espazos reservados e debidamente sinalizados para carga e descarga, dentro dos sectores de estacionamento regulado, fóra do horario reservado para a mesma, poderán formar parte do estacionamento regulado, cando así se estableza por acordo da Xunta de Goberno Local.

Dentro da zona ORA as sinais de carga e descarga incorporarán unha placa coa información de horario de funcionamento.

A ocupación de zonas reservadas para o estacionamento de vehículos nas vías públicas que integran a zona ORA, por motivo distinto do estacionamento de vehículos, conlevará o pago dunha tarifa regulada na Taxa número 3.17 aprobada polo órgano competente.

As zonas reservadas para estacionamento regulado de vehículos, poderán ser de uso exclusivo de residentes por razón de domicilio, fóra do horario establecido no artigo 11, cando así o acorde a Xunta de Goberno Local.

CAPÍTULO X. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 37. Disposicións xerais

1. O incumprimento de calquera dos artigos da presente Ordenanza, así como das disposicións que, no seu desenvolvemento, se diten polo órgano competente, terán a consideración de infracción as normas de ordenación do tráfico e circulación, conforme a normativa de procedemento administrativo vixente; en virtude do establecido no Real Decreto Lexislativo 339/1990, de dous de Marzo, Texto articulado da Lei sobre tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria (en concreto nos artigos 38.4 e 39.2.b), ou normativa que o substitúa, o seu regulamento de desenvolvemento e demais disposicións legais concordantes.

2. As infraccións traerán consigo a imposición de sancións mediante o procedemento legalmente establecido, no Regulamento do Procedemento Sancionador en materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria (Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro) ou que legal ou regulamentariamente o substitúa, o Alcalde ostenta a competencia para a imposición das correspondentes sancións en atención ao establecido no artigo 68.4 do RD Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo.

3. As denuncias debidas a infracción desta Ordenanza serán efectuadas polos controladores do servizo no exercicio das súas funcións ou funcionarios competentes o efecto.

4. No non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, e demais normativa que en desenvolvemento da anterior se dite.

Artigo 38. Infraccións

1. Considerarase infracción o incumprimento de calquera das determinacións desta Ordenanza.

2. As infraccións tipifícanse en Leves, Graves e Moi Graves.

3. Serán infraccións leves as especificadas a continuación, sempre que non fora aboado o ticket por exceso de tempo non contratado ou post-pago.

- a) Estacionar sen o correspondente título habilitante, dispositivo electrónico autorizado ou distintivo de aparcamento ou non telo visible.
- b) Estacionar tendo rebasado o tempo disposto no título habilitante (ticket), menos de dúas horas nunha praza de aparcamento incluída na zona de regulación de aparcamento (modificada polo pleno da Corporación o 5 de outubro de 2015).
- c) Volver a estacionar na mesma zona ou non mover o vehículo de zona ou sector por menos de dúas horas, unha vez finalizado o tempo abonado para estacionar e antes de transcorridas as dúas horas de rotación obrigatoria.

4. Son infraccións Graves as que a continuación se sinalan:

- a) Estacionar nunha praza de aparcamento reservada para discapacitados sen ser usuario autorizado.
- b) Estacionar por máis de dúas horas sen dispoñer da autorización de aparcamento nunha praza de aparcamento incluída na zona de regulación de aparcamento.
- c) Estacionar tendo rebasado o tempo disposto no título habilitante (ticket), por máis de dúas horas nunha praza de aparcamento incluída na zona de regulación de aparcamento.
- d) Volver a estacionar na mesma zona ou non mover o vehículo de zona ou sector por máis de dúas horas, unha vez finalizado o tempo abonado para estacionar e antes de transcorridas as dúas horas de rotación obrigatoria.
- e) Non comunicar ao Concello de Santiago, dentro do prazo de quince días, o cese ou perda dalgunha das condicións que determinaron a concesión da tarxeta ou distintivo.
- f) Estacionar nunha parada de autobús, taxi, ou reserva de ambulancias, sen estar autorizado.
- g) Non utilizar debidamente calquera das tarxetas contempladas na presente Ordenanza (utilización por vehículo non autorizado, fóra da zona, fóra do horario, etc.)

5. Infraccións Moi Graves

- a) Utilizar a tarxeta de residente, unha vez transferida a propiedade do vehículo ao que estaba adscrita.
- b) Utilizar un ticket, tarxeta ou distintivo de estacionamento manipulado ou falsificado.
- c) Reiterado incumprimento das normas establecidas na presente Ordenanza.
- d) Utilizar unha autorización de aparcamento manipulada, non válida ou falsificada ou calquera outro uso fraudulento das tarxetas de aparcamento.

Artigo 39. Sancións

1. As infraccións tipificadas nesta Ordenanza serán sancionadas con multa, nas cantidades que se sinalan no apartado 2, 3 e 4 deste artigo. Imporase, ademais, a sanción de retirada da tarxeta de que se trate, se a infracción cometida fora algunha das tipificadas como moi graves no artigo 43, así como as condutas descritas nos artigos 18, 19 e 40.3 non podendo o titular da tarxeta obter outra, da clase que sexa, durante un período máximo de ata tres anos.

A duración deste período fixarase en función da existencia de intencionalidade ou reiteración, da natureza dos prexuízos causados ou da reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fora declarado por resolución firme.

2. As infraccións leves sancionaranse con multa de ata 100 euros.

3. As infraccións graves sancionáranse con multa de 200 euros

4. As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 500 euros.

Artigo 40. Inmobilización e retirada do vehículo

1. Procederase á inmobilización e retirada do vehículo da vía pública e o seu depósito no lugar que designe a autoridade competente, nos casos contemplados no Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico Circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e na Ordenanza Xeral de Circulación vixente e nos casos de falta grave ou moi grave contemplados na presente ordenanza.

2. A prestación do servizo de retirada de vehículos da vía pública, así como a estancia do mesmo nos depósitos municipais, pasarán a percibir as taxas previstas na Ordenanza fiscal correspondente, que serán satisfeitas antes da devolución do vehículo, e sen prexuízo das sancións que, no seu caso, puideran impoñerse.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA

A Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro competente en materia de Tráfico e Mobilidade, poderá:

a) Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para todas as zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado. Asemade, poderá tamén realizar ditas modificacións con relación as zonas de residentes.

b) Deixar en suspenso, na súa totalidade ou no do seu ámbito territorial, a aplicación da presente ordenanza durante os períodos ou días necesarios, por causas relacionadas coa conxestión do tráfico e os estacionamento, ou outras circunstancias de interese público.

c) Suprimir ou crear as prazas de estacionamento do sistema ORA para a mellor acomodación do viario os usos e tránsitos rodados e peonís execución de obras en dominio público, traslado de contedores de residuos, etc).

d) Outorgar o distintivo de residentes, aínda cando non se reúnan todas as condicións sinaladas nos artigos 7 a 9, cando concorran razóns de interese público ou social, debidamente xustificadas. As condicións da autorización se recollerán no título.

e) Modificar prorrogando ou reducindo, o prazo de vixencia das tarxetas ou distintivos aos que se refire a presente Ordenanza, cando concorran razóns de urxencia ou outras de interese público.

SEGUNDA

O ámbito territorial de aplicación da presente Ordenanza estendese ás zonas e sectores en que actualmente está vixente, sen prexuízo de posteriores ampliacións reducións ou modificacións que puideran operarse en dito ámbito.

TERCEIRA

Terase en conta en futuros proxectos, construción e xestión de aparcadoiros, así como nas prórrogas ou rescates de concesións xa existentes, bonificacións nas condicións e porcentaxes que se fixen nos pregos de condicións, coma política de priorización do seu uso por parte dos residentes.

DISPOSICION FINAL

PRIMEIRA

No non previsto na presente Ordenanza, en canto lle sexa de aplicación, reixerá, con carácter supletorio, o Texto Refundido da Lei de Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade Viaria, aprobado por Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de Marzo, o Regulamento Xeral de Circulación, aprobado por Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro e outras disposicións de desenvolvemento.

SEGUNDA

De acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, LBRL, a presente Ordenanza entrará en vigor no momento que sexa publicado o seu texto no BOP.

ANEXO I

ZONA XERAL

TEMPO MÁXIMO ESTACIONAMENTO 120 MINUTOS

Sector 1

Rotación obrigatoria de dúas horas unha vez rematado o tempo máximo de estacionamento.

A ROSA
CONCEPCION ARENAL
CURROS ENRIQUEZ
DOUTOR TEIXEIRO
FERNANDO III O SANTO
FREI ROSENDO SALVADO
GÓMEZ ULLA
HÓRREO
NEIRA DE MOSQUERA
PEREZ COSTANTÍ
PITELOS
PRAZA SAN CLEMENTE
RAMÓN CABANILLAS
REPÚBLICA ARXENTINA
SAN CLEMENTE
SAN PEDRO DE MEZONZO
REPÚBLICA DO SALVADOR
RÚA NOVA DE ABAIXO
SANTIAGO DE CHILE
XOAN CARLOS I
DOMINGO GARCÍA SABELL

Sector 2

Non existe rotación obrigatoria unha vez rematado o tempo máximo de estacionamento.

RAMÓN PIÑEIRO
DOMINGO FONTÁN
LAVERDE RUÍZ
BERNARDO BARREIRO
EDUARDO PONDAL

Sector 3

Non existe rotación obrigatoria unha vez rematado o tempo máximo de estacionamento.

HOSPITALIÑO
XAZMÍNS

LOUREIROS
COSTA NOVA DE ARRIBA
PRAZA DAS PENAS
SAN ROQUE
SANTA CLARA

ANEXO II

ZONA CURTA DURACIÓN

TEMPO MÁXIMO ESTACIONAMIENTO 60 MINUTOS

Rotación obrigatoria de dúas horas unha vez rematado o tempo máximo de estacionamento.

PRAZA DE ALGALIA DE ABAIXO
TRAVESIA DA UNIVERSIDADE
PRAZA ENTREPRACIÑAS
PRAZA FONTE SECA
PRAZA DA UNIVERSIDADE
PRAZA MAZARELOS
ARCO DE MAZARELOS
VIRXE DA CERCA
TRAS SAN FIZ DE SOLOVIO

ANEXO III

ZONA LONGA DURACIÓN

TEMPO MÁXIMO ESTACIONAMIENTO 240 MINUTOS

Non existe rotación obrigatoria unha vez rematado o tempo máximo de estacionamento.

AVENIDA CORUÑA
AVENIDA COMPOSTELA
AVENIDA DAS BURGAS
AVENIDA NOVOA SANTOS
AVENIDA DAS CIENCIAS
SEMINARIO ESTUDIOS GALEGOS
AVENIDA DE VIGO
AVENIDA DE LUIS LEGAZ LACAMBRA
AVENIDA LOPE GÓMEZ DE MARZOA
AVENIDA DOUTOR ANGEL J. ECHEVERRI

ANEXO IV

ZONAS RESIDENTES POR RAZÓN DE DOMICILIO EN ZONAS NON REGULADAS.

FONTE DO OURO
SAN ROQUE
PONTEPEDRIÑA
VITE-GUADALUPE
SAN PEDRO
ALMACIGA
ZONA DE ULTREIA
SAR
SAN LORENZO
PELAMIOS-VISTA ALEGRE
SANTA MARTA.
OTERO PEDRAIO
ZONA MONUMENTAL

ANEXO V

ÁMBITO DE APLICACIÓN DE RESIDENTES EN ZONA REGULADA.
DELIMITACIÓN DE TRES SECTORES SEGUNDO PLANO ADXUNTO:
ZONA ORA ENSANCHE
ZONA ORA SAR
ZONA ORA CIDADE HISTÓRICA

ANEXO VI

ZONAS DO RÉXIME ESPECIAL DE APARCADOIROS DE BORDE

ÁREA ESTACIONAMENTO AVDA. DE FERROL
ÁREA ESTACIONAMENTO PONTEPEDRIÑA

5. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº2019-CREXT-01 DE IMPORTE 1.752.889,81 EUROS CO OBXETO DE HABILITAR CRÉDITO NO ORZAMENTO 2018 PRORROGADO AO EXERCICIO 2019 PARA A ASUNCIÓN DIRECTA DP SERVIZO DE GUINDASTRE E DEPÓSITO E A ORA A TRAVÉS DA EMPRESA MUNICIPAL TUSSA.

O informe-proposta asinado polo técnico da oficina de orzamentos e máis pola directora da área de réxime interior, e que ven co conforme da concelleira, de data 11 de febreiro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CO NÚMERO 2019-CREXT-01 DE IMPORTE 1.752.889,81 EUROS

De conformidade co establecido no 37.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, redáctase a presente memoria xustificativa da necesidade de aprobación dun expediente de

modificación de crédito, na modalidade de crédito extraordinario, motivada no seguinte asunto que se pasa a detallar.

EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2019-CREXT-01 PARA HABILITAR CRÉDITO ORZAMENTARIO NA APLICACIÓN 060.13300.22799 DE IMPORTE 1.752.889,81 EUROS CO GALLO DA REINTERNALIZACIÓN - ASUNCIÓN DA XESTIÓN DIRECTA- DOS SERVIZOS DE RETIRADA DE VEHÍCULOS CON GUINDASTRE E ORA FINANCIADO CON INGRESOS PROCEDENTES DAS TARIFAS ABOADAS POLOS USUARIOS DOS ANTEDITOS SERVIZOS -NOVOS INGRESOS NO SUBCONCEPTO 326.00 POR IMPORTE DE 504.132,91 EUROS E NO SUBCONCEPTO 330.00 POR IMPORTE DE 1.248.756,90 EUROS-.

NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177, 213 á 222 e DA 16ª.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2018 prorrogado ao exercicio 2019.

ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación, na sesión do 15.12.2006, acordou o inicio do procedemento de asunción da xestión directa do servizo de guindastre e ORA a través da empresa mercantil TUSSA -de capital integramente municipal-.

O 26.12.2016 constituíuse a comisión técnica para elaborar a memoria prevista nos artigos 97 do TTRL e 309 da LALG o 26.12.2016. Na sesión do 10.04.2017 dan por rematados os traballos vencellados á elaboración da memoria xustificativa do proceso, que quedou inicialmente aprobada por acordo plenario do 17.05.2017.

No BOP nº 104, do 05.06.2017, publicouse anuncio de exposición ao público do antedito documento. No período sinalado presentaron alegacións.

O 15.03.2018 o Pleno ordinario da Corporación aprobou definitivamente o devandito expediente.

Decreto de 28 de decembro de 2018 da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración aprobación da prórroga do orzamento municipal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2018 para o 2019.

Proposta de crédito extraordinario da xefe do servizo de Mobilidade e Seguridade e do Concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática de data 04.02.2019.

Estado de previsión de ingresos e gastos para o exercicio 2019 da empresa municipal TUSSA, aprobada en acordo de Consello de Administración de 3 de decembro de 2018, onde se recolle a súa previsión de ingresos do servizo de ORA e guindastre para este ano.

Comunicación de 19 de setembro de 2018 da empresa municipal TUSSA ao Concello de Santiago de Compostela da previsión para o Concello de Santiago de Compostela da recadación por tarifas dos servizos da ORA, o Guindastre e Depósito para o exercicio 2019 con motivo da elaboración do proxecto de orzamentos 2019.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O esquema de financiamento do encargo da xestión dos servizos de guindastre e ORA á empresa municipal TUSSA -medio propio- artéllase a través da facturación que a antedita empresa lle remita ao Concello polos servizos efectivamente prestados e consonte as tarifas aprobadas polo propio Concello en tanto que entidade matriz da que depende TUSSA.

Por outra banda, e en coherencia coa dinámica do encargo de xestión planeado nos termos do artigo 32 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014 -LCSP, en diante-, os ingresos derivados das tarifas aboadas polos usuarios son de titularidade municipal e, en tal concepto, deben quedar imputados no estado de ingresos do orzamento do Concello.

En resumo, e polo que agora interesa para a xestión orzamentaria, as facturas que TUSSA lle emita ao Concello supoñen un gasto orzamentario a rexistrar no capítulo 2 do estado de gastos, na aplicación 060.13300.22799, e os ingresos procedentes das tarifas dos usuarios producirán un ingreso orzamentario nos subconceptos 326.00 polos servizos de retirada con guindastre e depósito e 330.00 polas tarifas da ORA.

Como indica a propia proposta do centro xestor, nos mesmos termos que os establecidos para o orzamento 2018 (expediente de crédito extraordinario 2018-CREXT-01 aprobado en acordo plenario de 15 de marzo de 2018), no intre da elaboración do orzamento municipal para o exercicio 2018 agora prorrogado para o exercicio 2019 non se consideraron estas circunstancias o que determina a súa incorporación posterior a través dunha modificación orzamentaria crédito extraordinario-.

Con base ao antedito e co obxectivo de que o orzamento xeral do ano 2018 prorrogado para o exercicio 2019 recolla o importe preciso para facer fronte aos gastos derivados da nova forma de xestionar os servizos de retirada de vehículos con guindastre e ORA iniciado no ano 2018 -xestión directa a través de TUSSA- é necesaria a aprobación dunha modificación orzamentaria proposta modalidade de crédito extraordinario de contía UN MILLÓN SETECENTOS CINCUENTA E DOUS MIL OITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (1.752.889,81 €), co obxecto de habilitar de crédito no orzamento 2018 prorrogado para o exercicio 2019 na aplicación orzamentaria 060/13300/22799 financiado con novos ingresos procedentes das tarifas a aboar polos usuarios dos servizos ao longo deste exercicio 2019 polo mesmo importe.

A contía establecida neste modificativo de crédito provén do importe recollido por este concepto de gasto no proxecto de Orzamentos do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2019, finalmente non aprobado polo Pleno da Corporación Municipal. A estimación deste concepto de gasto viña fixado pola contía establecida pola empresa municipal TUSSA no seu Estado de previsión de ingresos e gastos para o exercicio 2019, aprobado en Consello de Administración de 3 de decembro de 2018, onde fixa como cifra de ingresos do servizo de ORA e Guindastre a facturar ao Concello para a execución do encargo da xestión para este ano 2019 en 1.752.889,81 euros. Os importes en concepto de ingresos para o Concello de Santiago como taxas (servizo de ORA – subconcepto de ingreso 330.00) e como ingresos por prestacións patrimoniais de carácter público non tributario (servizo de guindastre e depósito – subconcepto de ingreso 326.00) que financian esta modificación de crédito, proveñen da aplicación do peso ponderado da previsión de ingresos por cada un destes conceptos a percibir polo Concello neste ano 2019 con base na previsión de ingresos efectuada por TUSSA en escrito de data 19.09.2018 ao Concello para a elaboración do proxecto de orzamentos 2019 e que figuran recollidas como ingreso previsto para o Concello de Santiago no propio documento finalmente non aprobado en acordo plenario, co límite máximo do importe fixado como crédito extraordinario.

Deste xeito, os importes fixados como ingreso que financian esta modificación de crédito detállanse no seguinte cadro explicativo:

ESTIMACIÓN DE INGRESOS PARA O CONCELLO EFECTUADA POR TUSSA PARA O PROXECTO DE ORZAMENTOS 2019				
DESCRICIÓN DETALLADA	CONCEPTO DE INGRESO	IMPORTE	PESO PONDERADO	Importe CE
Previsión de ingresos 2019 para o Concello pola recadación dos servizos de guindastre e depósito	32600	543.452,05	28,76%	504.132,91
Previsión de ingresos 2019 para o Concello pola recadación do servizo de ORA	33000	1.346.151,96	71,24%	1.248.756,90
		1.889.604,01		1.752.889,81

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada nos artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL, 35 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como no artigo 13 das Bases de execución do Orzamento 2018. Ao abeiro desta normativa enténdese por crédito extraordinario aquela modificación mediante a

que se asigna crédito para financiar un gasto específico e determinado que non poda demorarse ata o exercicio seguinte e para a que non exista crédito.

Tocante á cuantificación e circunstancias da necesidade de crédito, e por extensión, á concorrencia dos elementos xustificativos dos créditos extraordinarios, a proposta remitida polo Servizo de Mobilidade e Seguridade sinala o seguinte, que reproduce no esencial:

“Polo antedito, e sen prexuízo do criterio que manteñan ao respecto os servizos económicos municipais, semella que procedería tramitar un crédito extraordinario no capítulo 2 do orzamento de gastos, financiado cos novos ingresos das tarifas dos usuarios -en tanto que non previstos nos estados iniciais do capítulo 3-.

Os artigos 177 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais -TRLFL, en diante- e 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, definen os créditos extraordinarios como as modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non exista crédito.

No relativo á especificidade e determinación do gasto proposto, como xa se indicou, trátase de atender o encargo de xestión á empresa municipal TUSSA dos servizos de retirada de vehículos con guindastre e da ORA nos termos expostos.

No relativo á súa inmediatez -sen posibilidade de demora ata o exercicio seguinte-, esta ven motivada pola propia efectividade do acordo de asunción da xestión directa dos servizos de retirada de vehículos con guindastre e ORA polo Concello -aprobado definitivamente na sesión plenaria do 15.03.2018- e polo carácter esencial das prestacións implicadas, das que non se debe prescindir en cumprimento do artigo 7 do Real Decreto lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, que dispón que lles corresponde aos municipios, entre outras cuestións, o establecemento de medidas de estacionamento limitado para garantir a rotación dos aparcamentos, a inmovilización de vehículos en vías urbanas cando non dispoñan de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida ou a retirada de vehículos das vías urbanas e interurbanas e o seu posterior depósito cando obstaculicen, dificulten ou supoñan un perigo para a circulación, ou se atopen incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido.

Con motivo da elaboración do proxecto de orzamento municipal para o ano 2019, fíxose unha actualización das previsións de ingresos e gastos propios da xestión destes servizos municipais. No eido dos gastos, considerouse o importe consignado por TUSSA na súa previsión de ingresos e gastos para o exercicio 2019 aprobada polo seu Consello de Administración na súa sesión de 3 de decembro de 2018, que sitúa a necesidade de crédito no orzamento municipal en 1.752.889,81 euros. No eido dos ingresos, considerouse a previsión fixada pola propia mercantil TUSSA, e comunicada ao Concello para a elaboración do proxecto de orzamentos 2019, establecendo unha ponderación con base na previsión da recadación das tarifas a aboar polos usuarios de

543.452,05 euros para o servizo de guindastre e depósito de vehículos e de 1.346.151,96 euros para o servizo de ORA, tendo en conta como límite máximo para a tramitación deste modificativo de crédito o importe manifestado pola mercantil TUSSA como necesidade de crédito, é dicir 1.752.889,81 euros.”

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Polas características e deseño das actuacións, e consonte a proposta remitida polo centro xestor, a fonte de financiamento do crédito extraordinario son os novos ingresos -non previstos inicialmente no orzamento municipal para o exercicio 2018 prorrogado ao exercicio 2019- derivados das tarifas a aboar polos usuarios dos servizos.

En cumprimento do disposto no artigo 37.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, debe verificarse que o resto dos ingresos se efectúan con normalidade, agás que teñan carácter finalista. Malia que polas datas nas que nos atopamos -aínda non está rematado o primeiro trimestre do ano- non se dispón dunha marxe temporal suficiente para realizar unha valoración precisa sobre esta cuestión, se consideramos as últimas liquidacións aprobadas e os últimos datos de execución orzamentaria enviados ao Ministerio de Facenda e Función Pública, correspondentes ao cuarto trimestre do 2018, cabe deducir que non se están a producir distorsións significativas na liquidación do conxunto dos ingresos.

No relativo ao financiamento desta modificación orzamentaria, o interventor municipal emitiu informe preceptivo en data de 08.02.2019 sendo **desfavorable á proposta orixinal**, tal e como foi formulada inicialmente, no que atinxe ao cumprimento do artigo 12.5 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira -LOEOSF, en diante- que dispón que os ingresos que se obteñan por encima dos previstos destinaranse integramente a reducir o nivel de débeda pública.

Efectivamente, este mandato completa a regra de gasto, concibida para o que o gasto das Administracións públicas non aumente por riba da taxa de crecemento de referencia do PIB.

Como apunta o informe, son varias as cuestións suscitadas na interpretación e, conseguinte, aplicación do artigo 12.5 da LOEOSF que cómpre clarexar. Tal é así, que o propio Ministerio de Facenda e Función Pública recolleu algúns dos aspectos máis

salientables no documento que publicou en marzo do 2018 baixo a denominación “Aplicación de la normativa de estabilidad presupuestaria a las entidades locales” no que chega ás seguintes conclusións, en contestación a varias consultas:

- O precepto -artigo 12.5 da LOEOSF- resultaría de aplicación cando se obteñan ao longo do exercicio ingresos de carácter no finalista por encima do previsto no orzamento (efectivamente recadados), sempre que os demais ingresos se estean materializando con normalidade. Se é así, polo importe deses maiores ingresos debe amortizarse débeda co remanente de tesourería para gastos xerais vía suplemento de crédito -Consulta nº 70 do documento-.

- Este precepto debe aplicarse en coherencia co resto do ordenamento xurídico o que leva a entender que non quedan sometidos ao mesmo aqueles ingresos finalistas por mandato dunha norma.

En relación aos ingresos procedentes do Fondo de Cooperación Municipal aportados por unha Comunidade Autónoma conclúe que, malia que o Fondo non impón o financiamento dun gasto concreto e específico, o certo é que determina que os fondos deban destinarse a atender os servizos de competencia local de aí que poida admitirse a súa exclusión da aplicación do artigo 12.5 da LOEOSF. Remata afirmando que unha vez aprobada a liquidación orzamentaria correspondente, aqueles fondos formarán parte, no seu caso, do saldo do remanente de tesourería para gastos xerais e, polo tanto, quedarán suxeitos á aplicación do artigo 32 da LOEOSF e da disposición adicional 6ª da mesma Lei -Consulta nº 74 do documento-.

Dunha interpretación sistemática das anteditas consideracións do Ministerio de Facenda e Función Pública, e do concluído polo Interventor no propio informe, dedúcese que o prescrito no artigo 12.5 da LOEOSF refírese aos maiores ingresos non financeiros, excluídos os finalistas, recadados por encima dos previstos.

A cuestión radica en determinar o carácter finalista dos ingresos que actúan como fonte de financiamento deste modificativo que, aínda que non afectados formalmente aos gastos propostos, si manteñen con eles unha vinculación material, ou de facto, no sentido de que a súa existencia depende da prestación efectiva do servizo e, polo tanto, da xeración efectiva do gasto que se pretende dotar. Sen servizo xerador do gasto, non hai ingreso o que nos permite acudir, para aplicala analoxicamente, á definición de “gasto con financiamento afectado” recollida na Regra 25 da Instrución do modelo normal de contabilidade que os define como calquera proxecto de gasto que se financie, en todo ou en parte, con recursos concretos que no caso de non realizarse o gasto non poderían percibirse ou se se percibiran deberían reintegrarse aos axentes que o achegaron. Para o seu seguimento e control contable artéllase o mecanismo dos proxectos de gasto -Regra 27 da Instrución do modelo normal de contabilidade-.

A consideración dos novos ingresos que financian o gasto, para cuxa execución se pretende dotar crédito, como afectados, nos termos expostos, mitiga o impacto deste modificativo no cumprimento do obxectivo de regra de gasto en tanto que permitiría o axuste do gasto computable por ingresos finalistas.

En liña co anterior, e no eido da posible afectación ao cumprimento da regra de gasto, o informe emitido pola Intervención municipal co gallo do expediente de asunción da xestión directa dos servizos de guindastre e ORA -nº 223/2017 do 08.05.2017-, apunta a seguinte hipótese:

“A floración de ingresos no orzamento que non estiveron recoñecidos en anos anteriores deberían poder ser obxecto de tratamento idéntico ao establecido no apartado 4 do artigo 12 da LO 2/2012 para o caso de que se aproben cambios normativos permanentes de recadación nos que o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente, o que non obstante non se deriva da literalidade da normativa polo que cumpriría formular a correspondente consulta previa dos órganos competentes.”.

Achégase como documentación anexa a este expediente:

- Copia da memoria técnica xustificativa do proceso de asunción da xestión directa -reinternalización- dos servizos de retirada de vehículos con guindastre e ORA.
- Copia do anexo XXIV da antedita memoria.
- Copia dos datos de execución do cuarto trimestre do exercicio 2018 remitidos ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

AS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS NO ORZAMENTO PRORROGADO

No eido da xestión orzamentaria da prórroga cómpre indicar o seguinte:

En tanto non entre en vigor o orzamento definitivo, o prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola Lei -artigos 169.6 do TRLFL e artigo 21.4.5 e 6 do RD 500/1990-.

O orzamento definitivo aprobarase, no seu caso, con efectos 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

As modificacións efectuadas sobre o orzamento prorrogado entenderanse feitas sobre o orzamento definitivo, agás que o Pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións se consideran incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse as mesmas

PROPOSTA

Logo de ver a existencia de financiamento procedente dos novos ingresos derivados da tarifas polos servizos de retirada de vehículos con guindastre e depósito e ORA por importe de 1.752.889,81 € nos termos expostos na proposta do centro xestor que se achega ao expediente.

Sendo pois que eses novos ingresos a incluír nos subconceptos de ingreso 326.00 e 330.00 constitúen fonte de financiamento axeitada para un crédito extraordinario (artigos 177.4 do TRLFL e 36.1.b) do RD 500/1990).

Logo de ter constancia que no orzamento actualmente vixente do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019, non consta aplicación nin, consecuentemente, dotación orzamentaria para facer fronte á asunción da xestión directa (a través do encargo da xestión á empresa municipal TUSSA).

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2018 prorrogado ao exercicio 2019, e de acordo co establecido no artigo 177 do TRLFL.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: Declarar os ingresos aboados polos usuarios dos servizos de retirada de vehículos con guindastre, depósito e ORA afectados aos gastos derivados da súa prestación nos termos da Regra 25 da Instrución do modelo normal de contabilidade aplicable ás entidades locais.

SEGUNDO: Crear o proxecto de gasto -2019 4 GRUOR 33- que permita o seguimento contable da xestión económica, orzamentaria e financeira dos gastos e ingresos derivados destes servizos municipais.

TERCEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-01 con base na proposta do centro xestor do servizo que se achega ao expediente e se reproduce parcialmente no informe que antecede, por un monto global de UN MILLÓN SETECENTOS CINCUENTA E DOUS MIL OITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (1.752.889,81 €) con habilitación de crédito na aplicación 060.13300.22799. Esta modificación de crédito financiarase cos novos ingresos procedentes das tarifas a aboar polos usuarios dos servizos.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					
APLICACIÓN DE GASTO			DESCRIPCIÓN	PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
060	13300	22799	Ordenación do Tráfico. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	2019 4 GRUOR 33	1.752.889,81
					1.752.889,81

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS DE TARIFAS A ABOAR POLOS USUARIOS DOS SERVIZOS			
DESCRIPCIÓN DETALLADA	CONCEPTO DE INGRESO	PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Ingresos dos usuarios pola retirada de vehículos con guindastre e depósito	32600	2019 4 GRUOR 33	504.132,91
Ingresos dos usuarios do servizo polo estacionamento dos vehículos	33000		1.248.756,90
			1.752.889,81

Novos ingresos: **1.752.889,81 euros**

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	1.752.889,81 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	1.752.889,81 €
b) Baixas por anulación	
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

CUARTO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

QUINTO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

SEXTO: Igualmente seranlle aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

Figuran no expediente informes de intervención (Ref. 43/2019), de data 8 de febreiro do corrente ano, e máis acordo da Xunta de Goberno aprobando o proxecto de crédito extraordinario de data 15 de febreiro do corrente ano.

Rematado o debate, á vista do informe-proposta transcrito, do ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión do día 14 de febreiro do corrente ano e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (10 CA

e 2 BNG), 3 votos en contra correspondentes aos concelleiros/a do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras o grupo municipal do Partido Popular, acorda:

Primeiro: Declarar os ingresos aboados polos usuarios dos servizos de retirada de vehículos con guindastre, depósito e ORA afectados aos gastos derivados da súa prestación nos termos da Regra 25 da Instrución do modelo normal de contabilidade aplicable ás entidades locais.

Segundo: Crear o proxecto de gasto -2019 4 GRUOR 33- que permita o seguimento contable da xestión económica, orzamentaria e financeira dos gastos e ingresos derivados destes servizos municipais.

Terceiro: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-01 con base na proposta do centro xestor do servizo que se achega ao expediente e se reproduce parcialmente no informe que antecede, por un monto global de UN MILLÓN SETECENTOS CINCUENTA E DOUS MIL OITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (1.752.889,81 €) con habilitación de crédito na aplicación 060.13300.22799. Esta modificación de crédito financiarase cos novos ingresos procedentes das tarifas a aboar polos usuarios dos servizos.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					
APLICACIÓN DE GASTO			DESCRICIÓN	PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
060	13300	22799	Ordenación do Tráfico. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	2019 4 GRUOR 33	1.752.889,81
					1.752.889,81

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS DE TARIFAS A ABOAR POLOS USUARIOS DOS SERVICIOS			
DESCRICIÓN DETALLADA	CONCEPTO DE INGRESO	PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Ingresos dos usuarios pola retirada de vehículos con guindastre e depósito	32600	2019 4 GRUOR 33	504.132,91
Ingresos dos usuarios do servizo polo estacionamento dos vehículos	33000		1.248.756,90
			1.752.889,81

Novos ingresos: **1.752.889,81 euros**

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	1.752.889,81 €
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	1.752.889,81 €
b) Baixas por anulación	
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

Cuarto: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

Quinto: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Sexto: Igualmente seránlle aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SOBRE A MODIFICACIÓN DOS ORZAMENTOS DO ESTADO PARA GARANTIR AS PARTIDAS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DA ESTACIÓN INTERMODAL, O ENLACE ORBITAL E A ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA , DE DATA 31 DE XANEIRO DE 2019, NÚMERO DE REXISTRO 32.

A proposición do epígrafe foi retirada.

Auséntase a concelleira Dona M^a José Corral López.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA A REVISIÓN DO MAPA DAS ESCOLAS INFANTÍS, DE DATA 12 DE FEBREIRO DE 2019, NÚMERO DE REXISTRO 41.

O texto da proposición que tivo entrada o día 12 de febreiro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á necesidade de revisar o mapa das escolas infantís para incrementar o número de prazas públicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incremento da dotación de prazas de escolas infantís públicas debe servir para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, a programación educativa en galego e a xustiza social, con garantía de acceso ás familias con rendas máis baixas e en situación de especial dificultade.

Atendendo á proxección demográfica de Santiago de Compostela, faise necesaria a revisión do mapa das escolas infantís. A oferta actual é insuficiente, nin sequera sumando a oferta privada e concertada, porque actualmente hai 3.277 nenos e nenas de 0 a 3 anos en Santiago de Compostela, segundo datos do censo municipal, aos que hai que engadir os de persoas que traballan na cidade sen estaren censadas.

Neste sentido, a escola infantil prevista na Cidade Administrativa de San Caetano, con 75 prazas, pode duplicar a oferta para atender á demanda pública existente na zona, ademais da negociación da homologación na xestión, cunha programación que atenda o dereito ao ensino en galego.

Deste xeito, cómpre axilizar tamén a tramitación da escola infantil para o barrio de Santa Marta, un dos barrios con maior demanda crecente deste servizo.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela realizará un mapa de escolas infantís con atención ás previsións urbanísticas e demográficas de cada zona, ademais de demandarlle á Xunta de Galicia que duplique a oferta de prazas libres na escola infantil proxectada na Cidade Administrativa de San Caetano.”

Xa que logo, rematado o debate e tras chegar a acordo nunha emenda transaccional á proposta de resolución, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda que o concello realice un mapa de escolas infantís con atención ás previsións urbanísticas e demográficas de cada zona e demande da Xunta de Galicia que se incremente a oferta de prazas libres a través dunha nova escola infantil de 61 prazas no lugar que determine ese mapa.

8. DAR CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL CUARTO TRIMESTRE 2018.

Dase conta ao Pleno da execución trimestral correspondente ao cuarto trimestre do exercicio de 2018.

9. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Auséntase o concelleiro, Don Rubén Cela Díaz.

Dase conta ao Pleno da Corporación das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas comprendidas entre o día 5 de decembro e o 28 de decembro de 2018, números 8592 ao 9174.

Así mesmo, dase conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta núm. 96, da sesión ordinaria de data 21 de decembro de 2018.

Acta núm. 97, da sesión extraordinaria urxente de data 26 de decembro de 2018.

A continuación son tratados os seguintes asuntos, dos que foi declarada a súa urxencia ao inicio da sesión plenaria.

10. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA BASE 33.2 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018, PRORROGADO PARA 2019.

O informe proposta de data 13 de febreiro do corrente ano, asinado polo técnico da oficina de orzamentos, máis a directora de área de réxime interior, e que ven co conforme da concellaría de economía e facenda, ten o seguinte contido:

“INFORME-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA BASE 33.2 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018, PRORROGADO PARA 2019

NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2018, prorrogadas para 2019.

DOCUMENTACIÓN QUE FORMA PARTE DO EXPEDIENTE

Informe proposta do técnico en programación e xestión deportiva de 11 de febreiro de 2019.

Proposta da Concelleira delegada de Deportes de 11 de febreiro de 2019.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O Pleno da Corporación, na sesión do 17.01.2018, aprobou inicialmente o orzamento xeral -incluíndo as súas bases de execución- e cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2018.

No BOP nº 14, do 19.01.2018, publicouse anuncio de exposición ao público do antedito expediente.

Por acordo plenario do 21.02.2018 resolvéronse as alegacións presentadas, en tempo e forma, e aprobouse definitivamente o orzamento xeral -xunto coas súas bases de execución- e cadro de persoal do ano 2018.

No BOP nº 40, do 27.02.2018, publicouse o orzamento definitivamente aprobado resumido por capítulos coas consecuencias que deste feito se derivan tocantes á súa entrada en vigor.

Por resolución da concelleira-delegada de economía, facenda e administración do 28.12.2018 acordouse prorrogar, con vixencia dende o 1 de xaneiro do 2019 e ata que se aprobe o orzamento definitivo para este ano, os créditos iniciais do orzamento xeral municipal do 2018, cos axustes recollidos en dita resolución, así como prorrogar as bases de execución daquel orzamento, en canto normas reguladoras directamente relacionadas cos créditos orzamentarios e as previsións de ingresos, dado que, consonte o artigo 9 do RD 500/1990, forman parte do propio orzamento que se prorroga, e tendo en conta que calquera referencia temporal destas ao exercicio 2018 deberá entenderse realizada ao ano 2019.

A presente proposta de modificación da base 33.2 baséase no informe proposta do técnico en programación e xestión deportiva e na proposta da Concelleira delegada de deportes de data 11 de febreiro de 2019 que forma parte deste expediente:

“Por resolución da concelleira-delegada de economía, facenda e administración, do 28.12.2018 aprobouse a prórroga do orzamento 2018 para o exercicio 2019. Analizado o detalle dos créditos prorrogados no capítulo 4 do estado de gastos, obsérvase a inclusión de 180.000,00 € na aplicación orzamentaria 090/34100/48900, inicialmente previstos para concederlle unha subvención á Federación Española de Ajedrez para colaborar nos gastos derivados da organización do Campionato do Mundo de Xadrez (categorías ata sub 12).

Pola súa categorización como subvención nominativa, a antedita previsión incluíse na relación de subvencións nominativas do artigo 33.2 das bases de execución do orzamento do exercicio 2018, agora prorrogadas para este ano 2019.

Analizadas as actuacións que promoverá este departamento ao longo do exercicio 2019, conclúese que semellante achega non será precisa para este ano polo que procedería modificar a base 32.3 de execución do orzamento 2018, prorrogado para 2019, no sentido de suprimir a subvención nominativa de 180.0000,00 € á entidade beneficiaria Federación Española de Ajedrez, con NIF Q-2878002-A e con obxecto “Colaboración nos gastos pola organización do Campionato do Mundo de Xadrez (categorías ata sub 12)”, considerando o crédito vencellado a ela, e inicialmente previsto na aplicación 090/34100/48900, susceptible de ser empregado para atender outros gastos, previa aprobación do modificativo de crédito que, no seu caso, proceda.”

No que atinxe ao procedemento indicar que a modificación das bases de execución, en tanto que integrantes do contido do orzamento consonte os artigos 165.1 do TRLFL e 9 do RD 500/1990, precisa dos mesmos trámites que a aprobación deste último previstos no artigo 169 do TRLFL.

Aprobada a modificación inicialmente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles nos que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que xulguen oportunas. A modificación entenderase definitivamente aprobada se no antedito prazo non se presentaran reclamacións, do contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

PROPOSTA

De conformidade co antedito proponse que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, en relación á seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobación da modificación do artigo 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018, prorrogado para o ano 2019, relativo á relación de subvencións nominativas no sentido de suprimir a subvención nominativa de 180.000,00 euros á entidade beneficiaria” á entidade beneficiaria Federación Española de Ajedrez, con NIF Q-2878002-A e con obxecto “Colaboración nos gastos pola organización do Campionato do Mundo de Xadrez (categorías ata sub 12)”, considerando o crédito vencellado a ela, e inicialmente previsto na aplicación 090/34100/48900, susceptible de ser empregado para atender outros gastos, previa aprobación do modificativo de crédito que, no seu caso, proceda.

Segundo.- Na tramitación do expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro.- Esta modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobada se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.”

Figuran no expediente informe de intervención xeral de data 15 de febreiro do corrente ano (Ref. 54/2019), máis acordo da Xunta de Goberno de aprobación do expediente, de data 19 de febreiro do corrente ano.

Xa que logo á vista do informe transcrito e máis do ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión do día 20 de febreiro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018, prorrogado para o ano 2019, relativo á relación de subvencións nominativas no sentido de suprimir a subvención nominativa de 180.000,00 euros á entidade beneficiaria Federación Española de Ajedrez, con NIF Q-2878002-A e con obxecto “Colaboración nos gastos pola organización do Campionato do Mundo de Xadrez (categorías ata sub 12)”, considerando o crédito vencellado a ela, e inicialmente previsto na aplicación 090/34100/48900, susceptible de ser empregado para atender outros gastos, previa aprobación do modificativo de crédito que, no seu caso, proceda.

Segundo.- Na tramitación do expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro.- Esta modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobada se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

11. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CO NÚMERO 2019-CREXT-02 DE IMPORTE 929.793,10 EUROS.

O informe proposta de data 13 de febreiro do corrente ano, asinado polo técnico da oficina de orzamentos e a directora da área de réxime interior, que ven co conforme da concellería de economía e facenda, ten o seguinte contido:

“EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CO NÚMERO 2019-CREXT-02 DE IMPORTE 929.793,10 EUROS

NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177, 213 á 222 e DA 16ª.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2018 prorrogado ao exercicio 2019.

ANTECEDENTES

Informe proposta con data de 13.02.2019 da xefa do servizo de Mobilidade e Seguridade e proposta do Concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, e da xefa do servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística e proposta do

Concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais, de necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario baixo o número 2019-CREXT-02.

Auto ditado o 08.01.2019 polo XCA nº 2 de Santiago no procedemento “EJD Execución definitiva 131/2016 recaída no P.O. nº 171/2012”.

Resolución de 24 de xaneiro de 2019 da Concellaría delegada de Medio Ambiente e Convivencia, Informática e Asesoría Xurídica (decreto nº DEC/491/2019) onde se acorda a interposición de recurso de apelación contra o Auto ditado o 08.01.2019 polo XCA nº 2 de Santiago no procedemento “EJD Execución definitiva 131/2016 recaída no P.O. nº 171/2012” onde se recoñece unha indemnización substitutoria a favor da mercantil DOAL por importe de 575.979,62 euros en concepto de lucro cesante e de 44.089,64 euros en concepto de dano emerxente, así como instar aos departamentos de Tráfico e Intervención para que se realicen os trámites oportunos para a execución do antedito Auto.

Auto de 15.10.2018 do TSXG ditado pola sala do contencioso administrativo, sección 2ª no P.O. 4387/1991 no que se lle require ao Concello de Santiago de Compostela que con urxencia acometa a execución das obras de restauración da legalidade do edificio sito na Rúa García Prieto 9-11 de Santiago de Compostela.

Copia do orzamento actualizado do “Proxecto básico e de execución de remodelación do edificio sito na Rúa García Prieto, 9-11 de Santiago de Compostela” realizado pola empresa Arquitav Arquitectos S.L.P. no mes de novembro de 2018.

Informe de 15.11.2018 do arquitecto municipal onde se determinan os honorarios para a Dirección de Obra de Arquitecto, Dirección de Execución de Obra de Aparellador e Coordinación de Seguridade e Saúde para a antedita obra.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Unha vez analizado o informe proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes do mesmo que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2019-CREXT-02, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presente a aprobar consta de dous asuntos vinculados á execución de autos xudiciais:

-Execución do auto de 08.01.2019 ditado polo XCA nº 2 de Santiago no procedemento “EJD Execución definitiva 131/2016 recaída no P.O. nº 171/2012” que obriga ao Concello ao abono dunha indemnización substitutoria a favor da mercantil DOAL por importe de 575.979,62 euros en concepto de lucro cesante e de 44.089,64 euros en concepto de dano emerxente.

-Execución do auto de 15.10.2018 do TSXG ditado pola sala do contencioso administrativo, sección 2ª no P.O. 4387/1991 no que se lle require ao Concello de Santiago de Compostela que con urxencia acometa a execución das obras de restauración da legalidade do edificio sito na Rúa García Prieto 9-11 de Santiago de Compostela, cunha contía estimada no informe proposta de 309.723,74 euros

Neste sentido o artigo 20 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria - L XO en adiante- dispón que as **obrigas da facenda pública** nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, consonte dereito, as xeren.

O artigo 21 da L XO sinala que as **obrigas da facenda** soamente **son esixibles** cando resulten da execución dos orzamentos, de sentenza xudicial firme ou de operacións non orzamentarias legalmente autorizadas.

Pola súa banda, o artigo 173 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais -TRLFL en adiante- dispón que **as obrigas de pagamento só serán esixibles da facenda local** cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no artigo anterior, **ou de sentenza xudicial firme**.

En definitiva, nadas as obrigas por algún dos medios indicados, só serán esixibles cando resulten da aplicación dos orzamentos ou de sentenza xudicial firme, como acontece neste caso.

No relativo á obrigatoriedade de cumprir o ordenado en execución de sentenza, o artigo 118 da Constitución española dispón que **é obrigado cumprir as sentenzas e demais resolucións firmes dos Xuíces e Tribunais**, así como prestar a colaboración requirida por estes no curso do procedemento e na execución do resolto.

Xa no ámbito do contencioso-administrativo, o artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa -LXCA en adiante-, sinala que **as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nelas se consigne**. Todas as persoas e entidades públicas e privadas están obrigadas a prestar a colaboración requirida polos xuíces e tribunais do Contencioso-administrativo para **a debida e completa execución do resolto** -artigo 103.3 da LXCA-, sendo **nulos de pleno dereito** os actos e disposicións contrarios aos pronunciamentos das sentenzas, que se diten **coa finalidade de eludir o seu cumprimento** -artigo 103.4 da LXCA-.

O fallo **debe executarse en todo caso**, sen que caiba suspender o cumprimento, nin declarar a súa inexecución total ou parcial -artigo 105.1 da LXCA-.

Por todo o antedito, o crédito extraordinario solicitado, ten carácter específico e determinado, ten o carácter de urxente, e a súa execución non pode demorarse ao exercicio seguinte.

No relativo á xustificación da urxencia e carácter indemorable do gasto, compre advertir a necesidade do pagamento do xeito mais inmediato **para evitar que o paso do tempo sega devengando maior contía en concepto de xuros** e, polo tanto, **maior prexuízo económico a facenda municipal**.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de **novos** ou maiores **ingresos** efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.

c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa a proposta de crédito extraordinario que se tramita para a súa aprobación finánciase na súa totalidade con baixas por anulación de crédito en varias aplicacións orzamentarias do orzamento 2018 prorrogado ao exercicio 2019 cuxas dotacións se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo e así o acredita o conforme dos responsables dos centros xestores que ceden crédito e o visto e prace dos Concelleiros delegados.

AS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS NO ORZAMENTO PRORROGADO

No eido da xestión orzamentaria da prórroga cómpre indicar o seguinte:

-En tanto non entre en vigor o orzamento definitivo, o prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola Lei -artigos 169.6 do TRLFL e artigo 21.4.5 e 6 do RD 500/1990-.

-O orzamento definitivo aprobarase, no seu caso, con efectos 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

-As modificacións efectuadas sobre o orzamento prorrogado entenderanse feitas sobre o orzamento definitivo, agás que o Pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións se consideran incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse as mesmas

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

Trátase dunha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Incide unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -nas que se dota o crédito no capítulo 2 de gasto e nas que se declara a baixa nos capítulos 2, 4 e 5 de gastos- pertencen a capítulos de gastos non financeiros polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

No relativo aos gastos concretos para cuxa imputación orzamentaria se presenta este modificativo, ambos derivados de sendos requirimentos xudiciais, o artigo 173.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais -TRLFL, en diante- dispón que as obrigacións de pago só serán esixibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos ou de sentenza xudicial firme. Continúa no apartado 4º indicando que a autoridade administrativa encargada da execución acordará o pago na

forma e cos límites do respectivo orzamento. Se para o pagamento fora preciso un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito, deberá solicitarse do Pleno un ou outro dentro dos tres meses seguintes ao día da notificación da resolución xudicial.

Polo antedito, e trala análise da situación actual do orzamento prorrogado e tendo en conta o criterio marcado por esta oficina de priorizar a dispoñibilidade dos créditos para atender os compromisos adquiridos en firme polo Concello, pódese concluír que este expediente que se leva a aprobación respecta estes criterios e as aplicacións orzamentarias que achegan crédito ao financiamento desta modificación é axeitado. Todo o antedito sen prexuízo da necesaria tramitación doutras modificacións que darán cumprida resposta ás necesidades actuais.

PROPOSTA

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2018 prorrogado ao exercicio 2019, e de acordo co establecido no artigo 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concellería delegada de Economía, Facenda e Administración, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-02 con base no informe proposta que se achega ao expediente, por un monto global de **NOVECIENTOS VINTE E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON DEZ CÉNTIMOS DE EURO (929.793,10 €)**. Esta modificación de crédito financiarase con baixas por anulación.

En resumo:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN							
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	
Auto de 08.01.2019 ditado polo XCA nº 2 de Santiago en relación ao procedemento. “EJD Execución definitiva 131/2016 recaída no P.O. nº 171/2012” onde se recoñece unha indemnización substitutoria a favor da mercantil DOAL por importe de 575.979,62 euros en concepto de lucro cesante e de 44.089,64 euros en concepto de dano emerxente	060	13300	22699		620.069,36	CE	Aplicación do Fondo de Continxencia	030	92900	50000	100.000,00	
							Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de mantemento do viario público	100	15320	21000	305.000,00	
							Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á subvención nominativa a favor da “Federación Española de Ajedrez” con motivo da organización no ano 2018 do Campionato do Mundo de Xadrez (categoría ata Sub 12), que decae neste exercio	090	34100	48900	180.000,00	
							Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 do contrato de mantemento, conserxería e limpeza das instalacións deportivas municipais	090	34100	48900	35.069,36	
Gastos para execución de sentenza recaída no auto de 15/10/2018 do TSXG, sección 2ª, con base no P.O. 4387/1991 para execución das obras de restauración da legalidade no edificio sito en Rúa García Prieto 9-11	050	15104	22699	2019 4 GP911 34	309.723,74		Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 do contrato de mantemento, conserxería e limpeza das instalacións deportivas municipais	090	34100	48900	114.930,64	
							Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de conservación e mantemento dos parques e xardíns municipais	060	17100	22799	135.000,00	
							Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de asistencia técnica da Tesourería Municipal	030	93100	22706	59.793,10	
					929.793,10							929.793,10

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) HABILITACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Auto de 08.01.2019 ditado polo XCA nº 2 de Santiago en relación ao procedemento. "EJD Execución definitiva 131/2016 recaída no P.O. nº 171/2012" onde se recoñece unha indemnización substitutoria a favor da mercantil DOAL por importe de 575.979,62 euros en concepto de lucro cesante e de 44.089,64 euros en concepto de dano emerxente	060	13300	22699		620.069,36
Gastos para execución de sentenza recaída no auto de 15/10/2018 do TSXG, sección 2ª, con base no P.O. 4387/1991 para execución das obras de restauración da legalidade no edificio sito en Rúa García Prieto 9-11	050	15104	22699	2019 4 GP911 34	309.723,74
					929.793,10

B) Financiamiento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN				
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Aplicación do Fondo de Continxencia	030	92900	50000	100.000,00
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de mantemento do viario público	100	15320	21000	305.000,00
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á subvención nominativa a favor da "Federación Española de Ajedrez" con motivo da organización no ano 2018 do Campionato do Mundo de Xadrez (categoría ata Sub 12), que decae neste exercicio	090	34100	48900	180.000,00
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 do contrato de mantemento, conserxería e limpeza das instalacións deportivas municipais	090	34100	48900	35.069,36
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 do contrato de mantemento, conserxería e limpeza das instalacións deportivas municipais	090	34100	48900	114.930,64
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de conservación e mantemento dos parques e xardíns municipais	060	17100	22799	135.000,00
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de asistencia técnica da Tesourería Municipal	030	93100	22706	59.793,10
				929.793,10

Baixas por anulación: **929.793,10 euros**

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	929.793,10 €
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	929.793,10 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Igualmente seranlle aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

Figuran no expediente informe de intervención de data 14 de febreiro do corrente ano (Ref. 52/90), máis acordo da Xunta de Goberno de aprobación do expediente, correspondente a sesión extraordinaria urxente do día 19 seguinte.

Xa que logo á vista do informe transcrito e máis do ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión do día 20 de febreiro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-02 con base no informe proposta que se achega ao expediente, por un monto global de NOVECIENTOS VINTE E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON DEZ CÉNTIMOS DE EURO (929.793,10 €). Esta modificación de crédito financiarase con baixas por anulación.

En resumo:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					TIPO MC	FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN				
DESCRCCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO		PROXECTO DE GASTO	IMPORTE		DESCRCCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO		IMPORTE	
Auto de 08.01.2019 ditado polo XCA nº 2 de Santiago en relación ao procedemento. “EJD Execución definitiva 131/2016 recaída no P.O. nº 171/2012” onde se recoñece unha indemnización substitutoria a favor da mercantil DOAL por importe de 575.979,62 euros en concepto de lucro cesante e de 44.089,64 euros en concepto de dano emerxente	060	13300	22699	620.069,36	CE	Aplicación do Fondo de Continxencia	030	92900	50000	100.000,00
						Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de mantemento do viario público	100	15320	21000	305.000,00
						Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á subvención nominativa a favor da “Federación Española de Ajedrez” con motivo da organización no ano 2018 do Campionato do Mundo de Xadrez (categoría ata Sub 12), que decae neste exercicio	090	34100	48900	180.000,00
						Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 do contrato de mantemento, conserxería e limpeza das instalacións deportivas municipais	090	34100	48900	35.069,36
Gastos para execución de sentenza recaída no auto de 15/10/2018 do TSXG, sección 2ª, con base no P.O. 4387/1991 para execución das obras de restauración da legalidade no edificio sito en Rúa García Prieto 9-11	050	15104	22699	2019 4 GP911 34	309.723,74	Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 do contrato de mantemento, conserxería e limpeza das instalacións deportivas municipais	090	34100	48900	114.930,64
						Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de conservación e mantemento dos parques e xardíns municipais	060	17100	22799	135.000,00
						Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de asistencia técnica da Tesourería Municipal	030	93100	22706	59.793,10
				929.793,10						929.793,10

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) HABILITACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO				
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Auto de 08.01.2019 ditado polo XCA nº 2 de Santiago en relación ao procedemento. "EJD Execución definitiva 131/2016 recaída no P.O. nº 171/2012" onde se recoñece unha indemnización substitutoria a favor da mercantil DOAL por importe de 575.979,62 euros en concepto de lucro cesante e de 44.089,64 euros en concepto de dano emerxente	060	13300	22699	620.069,36
Gastos para execución de sentenza recaída no auto de 15/10/2018 do TSXG, sección 2ª, con base no P.O. 4387/1991 para execución das obras de restauración da legalidade no edificio sito en Rúa García Prieto 9-11	050	15104	22699	2019 4 GP911 34
				929.793,10

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN				
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Aplicación do Fondo de Continxencia	030	92900	50000	100.000,00
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de mantemento do viario público	100	15320	21000	305.000,00
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á subvención nominativa a favor da "Federación Española de Ajedrez" con motivo da organización no ano 2018 do Campionato do Mundo de Xadrez (categoría ata Sub 12), que decae neste exercicio	090	34100	48900	180.000,00
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 do contrato de mantemento, conserxería e limpeza das instalacións deportivas municipais	090	34100	48900	35.069,36
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 do contrato de mantemento, conserxería e limpeza das instalacións deportivas municipais	090	34100	48900	114.930,64
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de conservación e mantemento dos parques e xardíns municipais	060	17100	22799	135.000,00
Crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 dos contratos de asistencia técnica da Tesourería Municipal	030	93100	22706	59.793,10
				929.793,10

Baixas por anulación: **929.793,10 euros**

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	929.793,10 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	929.793,10 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD

500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñeráse ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Igualmente seránlle aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

Reincorpórase á sesión o concelleiro, Don Rubén Cela Díaz.

A continuación, previa declaración de urxencia, acordada ao inicio da sesión, o Pleno da Corporación, aproba por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes, a seguinte declaración institucional que se transcribe e que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais:

12. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO SOBRE A NON CONCESIÓN DUN NOVO XULGADO DO SOCIAL PARA SANTIAGO.

A noticia dada a coñecer no día de hoxe de que o Goberno do Estado decidiu non crear un novo Xulgado do Social en Santiago de Compostela, debe ser obxecto dunha resposta inmediata e contundente por parte desta Corporación Municipal que desde hai moito tempo reclama esta dotación como prioritaria para nosa cidade.

Por este motivo, a Corporación do Concello de Santiago propón a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. Mostrar o rexeitamento do Pleno do Concello de Santiago á decisión do Goberno do Estado de non conceder un novo Xulgado do Social a Santiago de Compostela, tal e como se tiña reclamado por unanimidade desta Corporación Municipal a través de senllas declaracións institucionais en data 9 de novembro de 2015 e de 15 de xuño de 2017, e tamén pola Xunta de Galicia e polo Tribunal de Xustiza de Galicia.
2. Esixir a revogación desta decisión e a creación dun novo Xulgado do Social na cidade de Santiago de Compostela con carácter urxente e prioritario.
3. Ter en conta as reclamacións presentadas no seu día para a ampliación da Planta Xudicial en Santiago de Compostela, cos xulgados de Familia, Violencia de Xénero e Contencioso Administrativo.

13. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 31 de xaneiro de 2019, núm. 31.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 06 de febreiro de 2019, núm. 36.
Do grupo municipal do BNG de data 12 de febreiro de 2019, núm. 39.
Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 12 de febreiro de 2019, núm. 46.
Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 12 de febreiro de 2019, núm. 47.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de febreiro de 2019, núm. 50.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de febreiro de 2019, núm. 52.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 06 de febreiro de 2019, núm. 37.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de febreiro de 2019, núm. 43.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de febreiro de 2019, núm. 44.

Interpelacións:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de febreiro de 2019, núm. 51.

14. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 04 de febreiro de 2019, número 35, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, na que solicita un local para a AVV Barrio de Guadalupe a Ponderosa.

Rexistro de entrada do día 07 de febreiro de 2019, número 38, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a recuperación da disposición adicional de apoio ao Consorcio de Santiago nos orzamentos do estado para 2019.

Rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2019, número 40, presentada polo grupo municipal do BNG, para a mellora da seguranza viaria na rúa Divina Pastora e Lamas de Abade, no Castiñeiriño.

Rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2019, número 42, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o incremento de axentes de policía local e nacional en Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2019, número 45, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, para declarar o día 24 de febreiro o día de Rosalía no concello.

Rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2019, número 48, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o apoio a unha iniciativa lexislativa para combater a ocupación ilegal de vivendas.

Rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2019, número 49, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con motivo do 8 de marzo, día internacional da muller.

Rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2019, número 53, presentada polo grupo municipal do BNG, para a recuperar a Casa da Parra para usos expositivos.

As mocións presentadas polos grupos municipais, do Partido Popular, con rexistro de entrada do día 7 de febreiro do corrente ano, núm. 38 e a presentada polo PSdG-PSOE con data 12 de febreiro do corrente ano, núm. 45, foron retiradas.

Os textos das mocións presentadas e tratadas, son os que a continuación se transcriben:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN A TRAVÉS DA QUE SOLICITA UN LOCAL PARA A AVV BARRIO DE GUADALUPE A PONDEROSA

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación do Barrio de Guadalupe A Ponderosa leva moitos anos xogando un papel especialmente activo nesta zona de cidade, traballando en diferentes eidos para poder mellorar a calidade de vida dos seus veciños e veciñas.

Pero a realidade é que esta entidade, que atende a unhas 3.000 persoas, tanto da área de Vite como da súa contorna, non dispón dun local no que poder desenvolver as actividades que cada ano promove. Ata hai pouco, a asociación utilizaba un espazo no centro sociocultural de Vite, pero na actualidade isto resulta imposible, posto que dito inmovible está saturado e non pode acoller máis iniciativas e eventos.

Para a asociación A Ponderosa, a situación é grave, sobre todo para a terceira idade, coa que esta entidade traballaría dun xeito especial, a través de actividades como pilates, memoria ou de lecer, como os xogos de mesa.

Polo tanto, este Grupo Municipal Socialista considera de xustiza que o Concello de Santiago de Compostela, que debe velar polo funcionamento axeitado e en condicións do asociacionismo no noso municipio, faga as xestións oportunas para ceder á Asociación de Veciños A Ponderosa un local, que permita á entidade levar a cabo dun xeito digno as actividades que promove.

Por todo o exposto, o Grupo Socialista do Concello de Santiago de Compostela presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno a seguinte **MOCIÓN** instando ao goberno municipal a:

1. Ceder un local á Asociación de Veciños Barrio de Guadalupe A Ponderosa para que a entidade, que chega a unhas 3.000 persoas, poida desenvolver con normalidade e garantías as moitas actividades que organiza cada ano.

MOCIÓN PARA A MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA RÚA DIVINA PASTORA E LAMAS DE ABADE, NO CASTIÑEIRIÑO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a adoptar medidas para a mellora da seguranza viaria e da paisaxe no Castiñeiriño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Castiñeiriño, na confluencia entre as rúas Lamas de Abade e Divina Pastora, hai un problema de falta de seguranza viaria derivado da falta de visibilidade que ocasiona unha vivenda que dificulta o paso e está en situación de abandono, chea de lixo e de vexetación, e que ademais entraña perigo de incendio, xunto co problema estético que ofrece. A iso súmase a falta de beirarrúas nesta zona moi transitada por transporte escolar, vehículos particulares e persoas que van a pé.

Neste emprazamento hai centros de ensino que concentran un número importante de persoas que conforman a comunidade educativa: alumnado, profesorado, nais e pais. De feito, na contorna están a escola de hostalaría, o instituto, o centro de formación profesional, a escola infantil Raiola e o centro Aspanaex de autismo, entre outros.

A expropiación e derrubo desta vivenda é unha demanda histórica da veciñanza do barrio e das ANPAs que forman parte da comunidade educativa, co obxectivo de eliminar esa curva con falta de visibilidade, á que se engade a necesidade de dispor de beirarrúas desde esa prolongación da rúa Divina Pastora até o campo de fútbol, no lado dereito de subida.

Tampouco parece adecuado o estado en que está o CEIP Lamas de Abade, cheo de silvas e de pólas de árbores caídas no interior do recinto, esta localización que pertence ao Concello debe proceder á súa limpeza de maneira inminente.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago procederá a facer as xestións necesarias para a limpeza de lixo, silveiras e ramallos desa vivenda situada na confluencia das rúas Divina Pastora e Lamas de Abade, así como no interior do recinto do CEIP Lamas de Abade.

O Concello de Santiago procederá a realizar as xestións necesarias para chegar a acordo ou expropiar, de ser necesario, esa vivenda co fin de proceder ao seu derrubo e á reurbanización da zona co fin de realizar unha mellora de seguranza viaria, de humanización e da paisaxe.

MOCIÓN PARA O INCREMENTO DE AXENTES DE POLICIA LOCAIS E NACIONAIS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Corpo Nacional de Policía é unha peza clave do noso Estado de Dereito, prestando un servizo público que proporciona seguridade, contribuíndo ao benestar e á calidade de vida das persoas. O seu papel resulta decisivo ao ter asignadas como principais

funcións, entre outras moitas, o coidado do libre exercicio dos dereitos cidadáns, o mantemento da orde pública, a protección de bens e servizos, a persecución do delito, a colaboración coa Xustiza para o cumprimento da lei ou os labores de cooperación e coordinación con outras institucións e entidades públicas para garantir a protección civil en todo tipo de situacións onde se poida ver comprometida a seguridade da poboación.

Tendo en conta a súa transcendencia, resulta prioritario prestarlle unha atención especial para garantir a súa presenza, así como a súa maior inmediatez e eficacia no desenvolvemento das súas funcións.

Ao longo dos case dous séculos da súa historia, o Corpo Nacional de Policía foi adaptando a súa estrutura organizativa e territorial, para tratar de satisfacer as necesidades do conxunto de España. Deste xeito, a Comunidade galega conta hoxe, ademais da Xefatura Superior de Policía de Galicia e dun unidade específica adscrita á Xunta de Galicia, cunha extensa rede de comisarías e dependencias da Policía Nacional radicadas nas capitais de provincia, en grandes cidades e nalgunha cabeceira de comarca, atendendo ás necesidades do servizo e ás demandas da poboación. Segundo os datos da Dirección Xeral da Policía, dependente do Ministerio do Interior, o Corpo Nacional de Policía atende directamente en Galicia a unha poboación de 1,1 millóns de habitantes, radicados no contorno das áreas urbanas, o que representa arredor dun 43% da poboación galega.

Pero o despregue territorial de comisarías e dependencias policiais na actualidade non vai acompañado da dotación de efectivos que serían necesarios para unha correcta prestación dos servizos. As carencias de persoal afectan ás seis sedes que a nivel autonómico ten a Unidade Adscrita á Xunta de Galicia, e asemade a todas as comisarías galegas dependentes da Xefatura Superior de Policía de Galicia, que viron como as necesidades foron aumentando na última década polo incremento das súas funcións (delitos telemáticos, violencia de xénero e doméstica...), a redución das prazas convocadas e tamén pola falta de reposición de efectivos.

Sen embargo, un incremento do número de efectivos redundaría non só nunha maior prevención da comisión de actos delictivos, senón que tamén, con carácter particular, conlevaría que mellorase a ratio de axentes adicados a garantir a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Segundo teñen advertido recentemente representantes sindicais, Galicia vén perdendo cada ano un centenar de policías e na actualidade conta 2.593 axentes da Policía Nacional dos 3.249 que lle corresponderían por catálogo, o que representa un déficit de 666 prazas (-20,2%). Algo semellante acontece en relación coa Unidade adscrita á Xunta de Galicia que apenas dispón de 400 axentes dos 500 previstos no catálogo da Unidade, o que se traduce nunha redución do 20%.

A perda de efectivos ten o seu correlato na cidade de Santiago onde a Policía Nacional – segundo datos sindicais. debería contar con 278 axentes e ten apenas 216, unha redución do 22%. Algo semellante acontece coa Policía Local, que ademais das funcións de colaboración co resto dos corpos e forzas de seguridade do Estado ten como propias -entre outras- as relacionadas co tráfico e vixilancia no ámbito municipal. Neste

caso, segundo a ratio fixada pola normativa é de 173 axentes locais, aínda que na actualidade Santiago unicamente ten 124 (unha redución do 28%). Esta carencia de efectivos afecta á seguridade pública dunha cidade con necesidades propias da súa condición de capital de Galicia e centro turístico de primeira orde mundial, sobre todo ante a celebración do Ano Santo Xacobeo de 2021.

Á vista desta situación, que é crucial para Santiago de Compostela na actualidade e de cara ao futuro, pero que en maior ou menor medida afecta a todas as comisarías que dependen da Xefatura Superior de Policía de Galicia e á propia Unidade de Policía adscrita á Comunidade Autónoma, con incidencia no desempeño das súas funcións e polo tanto cunha repercusión negativa para o conxunto da cidadanía, o Grupo Municipal Popular propónlle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Que o Concello impulse os mecanismos necesarios para prover á maior brevidade as prazas vacantes existentes no Corpo da Policía Local por xubilacións e que, de forma simultánea, proceda a demandar do Ministerio competente en materia de política territorial e función pública a posibilidade de acadar o número de axentes necesario -cando menos os 173 que normativamente lle corresponderían- para afrontar con garantías os niveis de seguridade que demanda unha cita de tanta transcendencia como o Ano Santo Xacobeo de 2021.
2. Instar ao Ministerio do Interior do Goberno de España a que nas próximas convocatorias de novas prazas e de concurso de méritos se contemple a cobertura dun número suficiente de prazas vacantes de axentes da Policía Nacional, non inferior a 250, para atender as graves carencias de persoal que sofre a Comunidade Autónoma de Galicia, en especial a súa capital, Santiago de Compostela, que ten ante si o reto de afrontar o Ano Santo Xacobeo de 2021 coa gran afluencia de persoas e coas demandas de seguridade que un evento desa natureza implica ao longo de todo un ano.
3. Instar ao Ministerio do Interior do Goberno de España a convocar con urxencia un concurso específico de méritos, para dotar cun mínimo de 75 novos efectivos á Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito que se lle permita seguir desempeñando con garantías as súas tarefas actuais.
4. Dar traslado deste acordo ao Goberno da Nación e á Xunta de Galicia.

MOCIÓN PARA O APOIO A UNHA INICIATIVA LEXISLATIVA PARA COMBATER A OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crecente e alarmante situación de indefensión que se está a xerar pola ocupación ilegal de vivendas e a necesidade de garantir o dereito á propiedade, a seguridade de

persoas e bens e a convivencia social, precisa da adopción dunha iniciativa legislativa a nivel estatal que permita, entre outras medidas, o desaloxo por parte da Policía da vivenda ocupada ilegalmente nun prazo de horas, sen necesidade de esperar varios meses como ata o de agora e un reforzo do delito de usurpación que disuada estes ataques contra a propiedade.

Fronte á pasividade e ata permisividade que se manifesta nalgúns ámbitos, a aprobación dunha iniciativa nesta dirección podería evitaría situacións como as que se teñen rexistrado, por exemplo, na nosa propia cidade, en distintas vivendas na rúa dos Roláns, no barrio de Pontepedriña, en Belvís, no contorno dos barrios do Carme e de San Lourenzo... ou coa recente ocupación dunha vivenda na Costa do Cruceiro do Gaio ou a máis inmediata re-ocupación dun edificio histórico na rúa da Algalia de Arriba.

O Concello de Santiago dedicouse nos últimos tempos a “aplaudir” unha usurpación da propiedade que non é xustificable en ningún caso.

Cando hai unha ocupación ilegal adoita haber un acto delictuoso. Non pode ser que unhas supostas políticas de cambio se baseen en considerar a ocupación ilegal como unha situación tolerable ou admisible.

Aínda que na última década acurtáronse sustancialmente os prazos xudiciais para o desaloxo de vivendas, o problema da ocupación xera alarma na sociedade española e o número de vivendas *okupadas* non deixa de aumentar. Ademais, o fenómeno xerou con frecuencia a instauración de mafias da ocupación e a utilización de moitos destes inmuebles para actividades delituosas.

A iniciativa debe abordar de forma clara a ocupación ilegal e impedir que os *okupas* se intenten amparar en resquicios legais ou en dereitos que lle asisten ao cidadán que actúa legalmente, para cometer ese atentado contra a propiedade privada. Con ese fin, debería permitirse que as autoridades públicas e os seus axentes interveñan dentro do espazo ocupado para proceder ao desaloxo. De forma que a autoridade pública podería desaloxar as vivendas ocupadas ilegalmente nun prazo de horas.

Así mesmo, deberían reforzarse as penas asociadas aos delitos de usurpación, co endurecemento das penas e coa axiliación do proceso penal para xulgar este tipo de delincuencia.

Tamén sería conveniente a ampliación da reforma dos procesos civís, aprobada en xuño de 2018, para que as persoas xurídicas propietarias de vivendas poidan exercer o seu dereito coa mesma axilidade que as persoas físicas á hora de recuperar a posesión das súas casas.

A nova normativa, debería facultar tamén ás comunidades de propietarios, cando os ocupantes ilegais realicen actividades prohibidas ou molestas ou incívicas, para garantir a correcta convivencia veciñal. Ademais de considerar nula a inscrición no padrón municipal cando a persoa inscrita sexa un *okupa ilegal*, para o que sería necesario modificar a Lei de Bases de Réxime local.

A iniciativa que se propón, non suporía a regulación dos desafuizamentos hipotecarios nin de arrendamento nin tería como obxectivo regular os coñecidos como “precarios”, e debería recoller de forma clara que a nova normativa non ten que ver coa que se ten aprobado para a salvagarda das persoas en situacións de emerxencia social ou especial vulnerabilidade habitacional que teñen a súa protección definida noutras normas xa vixentes.

Polas indubidables vantaxes sociais que esta iniciativa conlevaría, o Grupo Municipal Popular eleva ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de

ACORDO:

1. Demandar do Goberno da Nación e dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados, o impulso dunha iniciativa lexislativa contra a ocupación ilegal, para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, sen menoscabo da salvagarda das persoas en situación de emerxencia social ou especial vulnerabilidade habitacional, conforme ao disposto noutras normas vixentes.

2. Reclamar das forzas políticas con representación parlamentaria que, chegado o caso, dean a súa aprobación a esta iniciativa normativa “antiokupa”, por ser de interese xeral e necesaria para corrixir un grave problema social e de convivencia xerado por mor destas actividades contrarias ao dereito da propiedade e a seguridade das persoas e cousas.

3. Dar traslado destes acordos ao Goberno da Nación e ás portavocías parlamentarias dos grupos con representación no Congreso e no Senado. Así como á Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias.

MOCIÓN CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.

As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión. E a este escenario contribúe, certamente, a persistencia dos estereotipos de xénero; de aí que sexa preciso traballar en favor dun cambio cultural e de valores que modifique as actitudes e os roles que sustentan a desigualdade de xénero.

Un dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

A conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto por homes coma por mulleres e debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.

As empresas introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación.

As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.

Ademais, é fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia, a cultura ou o mundo do deporte.

Por último, non se pode esquecer que a manifestación máis cruel e inhumana da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero. A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.

A execrable lacra que representan todas as formas de violencia contra as mulleres teñen que centrar todos os esforzos das distintas administracións. Así o esixe a sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso integral desde todos os ámbitos, para seguir impulsando na axenda como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Popular solicita ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

O Concello de Sanmtiago de Compostela insta ao Goberno do Estado á:

1. Aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres, neste ano 2019.

2. Aprobación da Lei de Conciliación e corresponsabilidade onde se teña en conta a racionalización horaria e favoreza a compatibilidade do traballo coa vida personal e familiar, neste ano 2019.

3. Aplicación e cumprimento de todas as medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero cuxa competencia sexa estatal e, con especial consideración aos cambios lexislativos aprobados e recollidos no Pacto.

O Concello de Santiago de Compostela insta á Xunta de Galicia a:

1. Fomentar, en colaboración coas entidades locais, dunha banda medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero para fomentar a igualdade entre mulleres e homes nos nenos e nenas participantes nestas actuacións. Doutra, impulsar os bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlles ás persoas, especialmente aquelas que residan nun concello rural, a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

2. Continuar a desenvolver programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero coas entidades de iniciativa social e extender estes programas ás empresas e as entidades locais de Galicia neste 2019.

3. Dar cumprimento e aplicar todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que afecten ao seu ámbito competencial.

MOCIÓN PARA RECUPERAR A CASA DA PARRA PARA USOS EXPOSITIVOS

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa a recuperar a Casa da Parra para usos expositivos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Casa da Parra é un inmóbel situado na zona superior da praza da Quintana que foi deseñado no século XVII por Domingos de Andrade e reformado no século XX cando se engadiu un novo andar e a zona da balaustrada. Na actualidade, é propiedade da Tesouraría da Seguridade Social do Estado, aínda que estivo arrendada a diversas institucións como uso de oficinas gobernamentais, espazos culturais e salas expositivas.

En marzo de 2017, a Xunta deixou o alugueiro das salas destinadas a usos administrativos e en novembro dese ano declinou tamén as de carácter cultural, posto que non chegara a acordo co Goberno do Estado para continuar o arrendamento.

Ante o progresiva perda de espazos culturais e abandono de edificios emblemáticos no corazón da Cidade Histórica resulta necesario retomar as negociacións para recuperar a súa actividade para a difusión artística.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela realizará as xestións necesarias co Goberno do Estado español para a cesión de usos da Casa da Parra como espazo expositivo.

EMENDA.-

Rexistro de entrada do día 21 de febreiro de 2019, núm. 55, emenda de substitución presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta á moción do grupo municipal do Partido Popular con data 13 de febreiro, núm. 49, con motivo do 8 de marzo, día internacional da muller.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, unha emenda de substitución á moción presentada polo grupo municipal do PP (rexistro de entrada 49 con data 13/12/2019) con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller:

Substitución do texto orixinal presentado polo grupo municipal do Partido Popular polo texto que se transcribe a continuación:

Exposición de Motivos

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.

As estadísticas seguen demostrando unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión. E a este escenario contribúe, certamente, a persistencia dos estereotipos de xénero; de aí que sexa preciso traballar a favor dun cambio cultural e de valores que modifique as actitudes e os roles que sustentan a desigualdade de xénero.

A fenda salarial en Galicia é do 23%, pois mentres o salario medio anual dos homes estímase en 20.243 euros o das mulleres só chega aos 15.730 euros, ao que hai que engadir que os contratos a tempo parcial, temporal e discontinuo son maioritariamente femininos, o que repercute na baixa cotización, soldo, prestación do paro e das pensións. En Santiago de Compostela, hai 3.263 mulleres registradas no paro e 2.732 homes, segundo os datos da Xunta de Galicia para o ano 2018, o que representa unha porcentaxe do 17.25% superior de desemprego por razón de xénero.

Un dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición de responsabilidades de coidados e tarefas do fogar constitúe un dos principais

obstáculos para que a participación, permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena porque estas tarefas adoitan recaer nas mulleres.

A conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto por homes coma por mulleres e debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.

As empresas introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación.

As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.

Ademais, é fundamental seguir apoiando o liderado femenino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia, a cultura ou o mundo do deporte.

Por todo isto, un ano máis, ante o teito de cristal e a temporalidade, ante a precariedade laboral e a feminización da pobreza, se reivindica a incorporación de pleno dereito ao traballo de calidade, conseguindo unha significativa mellora da posición das mulleres no ámbito laboral, permitindo desenvolver proxectos vitais dignos e autónomos.

Non se pode esquecer tamén que a expresión máis extrema da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero. A eliminación das violencias machistas contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.

Por outra parte é preciso falar de consumo porque nin neste ámbito existe unha igualdade real. O consumo é outra das ferramentas do capitalismo: asóciase a un modelo estético baseado no sufrimento dos corpos das mulleres; corpos que non poden seguir sendo mercadorías nin obxectos, nin reclamos en mans dos mercados globais.

O próximo 8 de Marzo, día Internacional das Mulleres, o movemento feminista, co apoio de organizacións e colectivos políticos, sociais e sindicais convoca unha Folga Internacional Feminista.

Unha convocatoria de denuncia fronte ás desigualdades, ás discriminacións e ás violencias estruturais que sofre máis da metade da poboación mundial, as mulleres. Pero tamén de reivindicación dun novo modelo social, xusto, democrático e igualitario. Unha folga máis necesaria que nunca xa que os avances que se lograron no noso país grazas ás medidas impulsadas polas feministas nas políticas de igualdade, están a verse ameazados.

É obriga desta Corporación Municipal apoiar a convocatoria de folga do próximo 8 de marzo. Unha folga que tomará ás rúas con amplas accións de reivindicación, amosando que se as mulleres paran, para o mundo.

Por todo o anteriormente exposto, a Corporación do Concello de Santiago adopta os seguintes **ACORDOS**:

- Apoiar activamente a Folga Feminista do vindeiro 8 de marzo.

- Pendurar no Pazo de Raxoi unha bandeira como acto simbólico de apoio á Folga e de recoñecemento das reivindicacións expostas.

- Facilitar os medios dispoñibles dende o Concello para a realización e difusión de todos os eventos, manifestacións, reivindicacións e actos convocados polas asociacións e colectivos de mulleres co mesmo obxectivo que a folga, convidando á cidadanía a apoiar e unirse ás mobilizacións convocadas.

- Adoptar as medidas necesarias para garantir o exercicio do dereito de folga por parte de todas as traballadoras municipais que desexen sumarse á reivindicación.

Auséntase o concelleiro Don Rafael Peña Vidal.

A continuación ten lugar a votación das mocións tratadas na sesión.

En relación coa moción de rexistro de entrada do día 4 de febreiro de 2019, núm. 35, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do Partido Popular e do BNG (3 PSdeG-PSOE, 8 PP e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda ceder un local á Asociación de Veciños do Barrio de Guadalupe - A Ponderosa para que a entidade, que chega a unhas 3000 persoas poida desenvolver con normalidade e garantías as moitas actividades que organiza cada ano.

Faise un receso cando son ás 19:21 horas e reanúdase a sesión ás 19:44 horas, incorporándose a totalidade dos/as concelleiros/as, e ausentándose o señor interventor que xa non se reincorpora á sesión.

Na moción con rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2019, núm. 40, presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, acorda:

Que o concello procederá a facer as xestións necesarias para a limpeza de lixo, silveiras e ramallos desa vivenda situada na confluencia das rúas Divina Pastora e Lamas de Abade, así como no interior do recinto do CEIP Lamas de Abade.

Que o concello procederá a realizar as xestións necesarias para chegar a acordo ou expropiar, de ser necesario, esa vivenda co fin de proceder ao seu derrubo e á

reurbanización da zona co fin de realizar unha mellora de seguranza viaria, de humanización e da paisaxe.

No tocante á moción con rexistro de entrada do día 12 de febreiro de 2019, núm. 42, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación por 22 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE (9 PP, 10 CA e 3 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións correspondentes ao concelleiro/a do BNG, acorda:

1. Que o concello impulse os mecanismos necesarios para prover á maior brevidade as prazas vacantes existentes no Corpo da Policía Local por xubilacións e que, de forma simultánea, proceda a demandar do Ministerio competente en materia de política territorial e función pública a posibilidade de acadar o número de axentes necesario -cando menos os 173 que normativamente lle corresponderían- para afrontar con garantías os niveis de seguridade que demanda unha cita de tanta transcendencia como o Ano Santo Xacobeo de 2021.

2. Instar ao Ministerio do Interior do Goberno de España a que nas próximas convocatorias de novas prazas e de concurso de méritos se contemple a cobertura dun número suficiente de prazas vacantes de axentes da Policía Nacional, non inferior a 250, para atender as graves carencias de persoal que sofre a Comunidade Autónoma de Galicia, en especial a súa capital, Santiago de Compostela, que ten ante si o reto de afrontar o Ano Santo Xacobeo de 2021 coa gran afluencia de persoas e coas demandas de seguridade que un evento desa natureza implica ao longo de todo un ano.

3. Instar ao Ministerio do Interior do Goberno de España a convocar con urxencia un concurso específico de méritos, para dotar cun mínimo de 75 novos efectivos á Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito que se lle permita seguir desempeñando con garantías as súas tarefas actuais.

4. Dar traslado deste acordo ao Goberno da Nación e á Xunta de Galicia.

Na moción con rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2019, núm. 48, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación, por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP e 15 en contra correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), polo que queda rexeitada a moción, relativa a apoiar unha iniciativa legislativa para combater a ocupación ilegal de vivendas.

No tocante á moción con rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2019, núm. 49, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación, por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP e 15 en contra correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), polo que resulta rexeitada a moción, en relación ao día 8 de marzo, día da muller.

En relación á moción con rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2019, núm. 53, presentada polo grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda que o concello realice as xestións necesarias co goberno do estado español para a cesión de usos da Casa da Parra como espazo expositivo.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 21:10 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández